

**CONSIDERACIONS DE ADEGA NO PROCESO DE  
PARTICIPACIÓN PÚBLICA AO DOCUMENTO  
PRELIMINAR DO PLAN DE CONSERVACIÓN DO  
MONUMENTO NATURAL DAS FRAGAS DE CATASÓS**



**PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO  
MONUMENTO NATURAL DAS  
FRAGAS DE CATASÓS**

DECEMBRO DE 2017

ADEGA

## **PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL DAS FRAGAS DE CATASÓS**

Informe elaborado por:

D. Martiño Nercellas Méndez, con DNI 76821387-F, licenciado en Bioloxía e colexiado polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia con número 18699-X. Vogal de biodiversidade de ADEGA

- O capítulo de valores xeolóxicos, o relevo, clima, hidrografía, e solos, polo xeógrafo D. Antonio Presas García.
- O Inventario de fungos elaborado polo farmacéutico D. Alberto Granja Bargados.

Santiago de Compostela, 26 decembro de 2017.

---

**CONSIDERACIÓN DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASÓS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---



Veigas do rego de Quintela no seu límite co Monumento ao Natural. Ao fondo extensión das fragas de Catasós, no que se aprecian as Fragas de Casas Vellas, de Antuín, de Gate e Catasós.

**CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---



**Visita de escolares ao Monumento Natura das Fragas de Catasós. Ao fondo castiñeiros singulares do espazo.**

**CONSIDERACIÓN DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---



**Vista dos castiñeiros singulares do Monumento Natural das Fragas de Catasós.**

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

---

1	ANTECEDENTES	10
1.1	Os Monumentos Naturais de Galiza:	10
1.2	O caso do Monumento Natural da Fraga de Catasós:	12
2	PROPOSTA	16
3	CONSIDERACIÓNS SOBRE O RÉXIME DE PROPIEDAD DO MONUMENTO E A SÚA PROPOSTA DE AMPLIACIÓN: DOS SEUS USOS E APROVEITAMENTOS	21
4	ELEMENTOS XUSTIFICATIVOS PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL	24
4.1	Obxectivos	24
5	MARCO LEXISLATIVO	25
6	XUSTIFICACIÓN COMA UNIDADE FORESTAL CONXUNTA	26
7	LÍMITES DO ESPAZO. PLANO DE LOCALIZACIÓN E VÉRTICES DA POLIGONAL QUE REPRESENTAN O PERÍMETRO DO ESPAZO.	32
8	APROXIMACIÓN Ó MARCO TERRITORIAL E DA PAISAXE	34
9	VALORES NATURAIS DO ESPAZO	38
9.1.1	Valores xeolóxicos	39
9.1.2	O relevo	42
9.1.3	O clima	45
9.1.4	Temperaturas	45
9.1.5	Precipitacións	46
9.1.6	Días de chuvia	48
9.1.7	Precipitación máxima en 24 horas	48
9.1.8	Humidade	49
9.1.9	Días de xeadas	50

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

9.1.10	Vento	51
9.1.11	Hidrografía	52
9.1.12	Solos	55
9.2	Fitoxeografía	59
9.2.1	Hábitats protexidos conforme á Directiva 92/43/CEE	61
9.2.2	Bosques galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i> ( Código 9230)	62
9.2.3	Bosques de <i>Castanea sativa</i> Código 9260	63
9.2.4	Bosques de galería de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> ( <i>Alno-Padionm Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i> ) Código Hábitat 91 EO	64
9.3	Inventario potencial de flora.	65
9.4	Inventario de fungos	88
9.5	Inventario fauna invertebrada	92
9.6	Inventario fauna vertebrada	95
9.7	Peixes	96
9.8	Herpetofauna.	97
9.8.1	Anfibios	97
9.8.2	Réptiles	97
9.9	Aves	99
9.10	Mamíferos	102
9.11	Identificación e diagnóstico das especies ameazadas que xustifican a proposta e estado de conservación.	104
9.11.1	Narciso <i>Narcissus cyclamineus</i>	110
9.11.2	Lesma <i>Geomalacus maculossus</i>	112
9.11.3	Esmeralda de Curtís. <i>Oxygastra curtisii</i>	115
9.11.4	Capricornio das aciñeiras <i>Cerambyx cerdo</i>	118
9.11.5	Ra Vermella <i>Rana temporaria</i> & Ra patilonga <i>Rana iberica</i>	121
9.11.6	Aguaneira <i>Galemys pyrenaicus</i> .	126
9.11.7	Morcego pequeno de ferradura <i>Rhinolophus hipposideros</i> & Morcego Grande de Ferradura <i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	129
10	ACCESOS E POSIBLES GRAVÁMENES EXISTENTES SOBRE O ESPAZO	135
11	DESCRIPCIÓN SOCIOECONÓMICA DO ENTORNO	136
11.1	Núcleos poboación no entorno do espazo:	136
12	ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN QUE RODEAN O ENTORNO DA ÁREA DE AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL	137

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

13	NORMATIVA URBANÍSTICA DO SOLO	138
13.1	Normativa urbanística:	139
14	USOS E APROVEITAMENTOS DOS RECURSOS NATURAIS DO ESPAZO ASÍ COMO DAS ÁREAS CIRCUNDANTES	141
15	PROPOSTA DE PLAN DE CONSERVACIÓN:	146
15.1	Medidas e recomendacións a aplicar para o espazo resultante da ampliación do Monumento Natural.	147
15.2	Recomendacións de directrices en relación cos recursos naturais:	149
15.3	Recomendación de directrices en relación cos recursos forestais e agrogandeiros:	151
15.4	Recomendacións de directrices en relación co uso público:	153
15.5	Recomendacións de directrices respecto ás infraestruturas, equipamentos e instalacións:	155
15.6	Recomendacións de directrices para as actividades científicas:	156
15.7	Recomendacións directrices para as actividades educativas:	157
15.8	Definición para a proposta de zonificación	158
15.9	Zona de protección	159
15.10	Zona de uso moderado	160
15.11	Bases de Normativa xeral aplicable a todo o espazo	161
15.12	Protección da fauna e da flora	162
15.13	Protección dos recursos hídricos	164
15.14	Protección do solo e da paisaxe	165
15.15	Uso público, actividades científicas, educativas e outras	166
15.16	Actividades potenciais a desenvolver	167
15.17	Actividades de conservación científica	167
15.17.1	Actuacións co Narciso. <i>Narcissus cyclamineus</i> .	168
15.17.2	Actuacións coa <i>Lesma Geomalacus maculossus</i>	170
15.17.3	Actuacións coa Esmeralda de Curtís. <i>Oxygastra curtisii</i> (Dale, 1834)	172
15.17.4	Actuacións coa Capricornio das aciñeiras <i>Cerambyx cerdo</i>	174
15.17.5	Actuacións coa Ra Vermella <i>Rana temporaria</i> Linnaeus, 1758 & Ra patilonga <i>Rana iberica</i> Boulenger, 1879	176
15.17.6	Actuacións coa Aguaneira <i>Galemys pyrenaicus</i> .	178
15.17.7	Delimitación das áreas de preservación prioritaria dentro do Monumento Natural:	178
15.17.8	Actuacións con Morcego pequeno de ferradura <i>Rhinolophus hipposideros</i> &	



## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

Morcego Grande de Ferradura *Rhinolophus ferrumequinum* 180

16	ACTIVIDADES DE FOMENTO DE EXPERIENCIAS DEMOSTRATIVAS DE MULTIFUNCIONALIDADE E BOAS PRÁCTICAS NO EIDO DA AGRICULTURA, GANDERIA E SECTOR FORESTAL TRADICIONAL COMPRENDIDO DENTRO DO MONUMENTO NATURAL	185
16.1.1	Sinerxías para mellorar a produción de castaña: a apicultura ao servizo dos soutos	186
16.1.2	Creación dunha Estación Apícola e de polinizadores dentro dos límites do Monumento Natural	188
16.1.3	Boas prácticas silvícolas no manexo e coidados dos soutos e os castiñeiros	193
16.1.4	Actuacións previstas de asesoramento, asistencia e intervención, ao servizo dos propietarios	196
16.1.5	Boas prácticas silvícolas das carballeiras e do bosque de galería do rego de Quintela. Sobre permisos e autorizacións de aproveitamento	197
16.1.6	Sobre programa de actuacións de colaboración entre administracións e propietarios	202
16.1.7	Sobre actuacións de mellora e conservación da biodiversidade presente nas carballeira e souto	203
16.1.8	Creación dun couto de aproveitamento de cogumelos. Aproveitamento micolóxico	205
16.1.9	Sobre actividades sociorecreativas previstas dentro do espazo	206
16.1.10	Accións de contribución do Monumento Natural para desenvolver as precicións co Catálogo da Paisaxe do Deza	207
16.1.11	Accións sobre o valor cultural do Monumento Natural das Fragas de Catasós	212

## **1 ANTECEDENTES**

---

### **1.1 Os Monumentos Naturais de Galiza:**

Na actualidade Galiza conta con 8 Monumento Naturais. Trátase de espazos constituídos por formacións naturais de notoria singularidade, rareza ou beleza que merecen ser obxecto dunha protección especial. Considéranse tamén monumentos naturais as formacións xeolóxicas e da xea, así como os xacementos paleontolóxicos, que reúnan un interese especial pola singularidade ou importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos.

Nos monumentos naturais só se admitirán os usos ou as actividades que non poñan en perigo a conservación dos valores que motivaron a súa declaración.

Na actualidade os espazos declarados coma Monumentos figuran os seguintes:

**CONSIDERACIÓN DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

<b>Monumentos Naturais de Galiza</b>	
<b>ESPAZO</b>	<b>SUPERFICIE DECLARADA (Ha)</b>
A praia das Catedrais	28,94
Carballa da Rocha	0,64
Costa de Dexo	267
<b>Fraga de Catasós</b>	<b>4,52</b>
Serra de Pena Corneira	998
Souto da Retorta	3,19
Souto de Rozabales	1,80
Pregamento xeolóxico de Campodola-Leixazós	90

**Fig.1. Relación de Monumentos Naturais declarados en Galiza.**

- Só o Monumento da Praia de As Catedrais conta co plan de Conservación, mediante Decreto 80/2015, do 11 de xuño, polo que se aproba o Plan de Conservación do Monumento natural da praia das Catedrais.

- A Serra de Pena Corneira, declarada polo Decreto 264/2007, do 20 de decembro, trátase do monumento natural con maior extensión presente na nosa comunidade autónoma, cunha superficie aproximada de 998 ha.

## **1.2 O caso do Monumento Natural da Fraga de Catasós:**

Unha pequena representación da Fraga de Catasós foi declarada coma Monumento natural o 12 de abril de 2000 mediante o Decreto 76/2000. Trátase dunha formación forestal senlleira conformada por unha fraga e un souto cunha superficie de 4,5 ha, caracterizada pola presenza de pés de castiñeiros de inusuais proporcións. Este espazo figura integrado nunha área forestal homóxenea máis ampla e en continuo, moi ben conservada, que supera as 180 ha.:

**Cabe destacar que as fragas que rodean esta formación senlleira engaden un indubidable plusvalor ecolóxico, debido ó feito que a súa continuación forestal permite manter unha coherencia ecolóxica do espazo e preservar a integridade funcional e biolóxica do lugar.**

No 2007 o espazo delimitado polo Monumento é incluído no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.

No 2016 tamén recibiu a distinción de Área de Especial Interese Paisaxístico.

Este fantástico “bosque” conta cuns 500 carballos e castiñeiros centenarios e bicentenarios, xunto varias grandes sobreiras, formando todo unha preciosa estampa forestal e de obrigada visita para os amantes das árbores.

Trátase dun espazo protexido que abarca unha superficie de 4,5185, pero este bosque mixto esténdese ben conservado por varias hectáreas máis fóra do Monumento Natural, no que cabe destacar, cara o leste os soutos e fragas do Monte de Penelas e Celemín, e cara o oeste, o souto centenario de Casas Vellas, ou os soutos de Antuín e Gate.

A proposta de ampliación define un espazo que alberga unha ampla variedade de vida silvestre, con máis de 470 especies de plantas, 74 de fungos, 45 de invertebrados de

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

interese, 4 de peixes, 11 de anfibios, 10 réptiles, 68 de aves ou 32 especies de mamíferos, conformando unha fraga de alto valor ecolóxico.

Pero a Fraga de Catasós debe a súa popularidade e singularidade, con respecto a outras fragas galegas, á presenza de castiñeiros que acadan unha altura case única en Europa. Atopámonos cunhas árbores nun estado silvestre que non foron nin podados e demoucados que medraron apertados nun espazo moi estreito, e que vistos dende a súa base sorprenden por ter uns robustos e grosos troncos monopódicos dereitos e de infrecuente altura na procura de luz. Os 5 máis imponentes pasan por riba dos 30 metros e contan cun perímetro que oscila entre os 3,20 e os 5,40 m. No 1984 o furacán Hortensia tombou outro incluso de maior talla. Unha datación dos aneis de crecemento realizada en 1993 por Pérez Antelo, A. determina que teñen máis de 250 anos chegando a contar ata o ano 1759, achando que polo tipo de crecemento dos aneis “a cronoloxía de Lalín, reflectiría situacións macroclimáticas a nivel de grande parte de Galiza” en comparación con outros estudos dendrocronolóxicos realizados por toda Europa.

Esta fraga pertenceu ao Pazo de Quiroga, sito no próximo lugar de Quintela na parroquia de Catasós. Á casa estivo vinculada por uns anos a literata naturalista Emilia Pardo Bazán (1851-1921), casada cun dos herdeiros, e na que pasaría longas estadias. Disque este feito tería influído na súa escrita e obras coma “Los Pazos de Ulloa” (1886-1887) e a súa continuación “La madre naturaleza”(1887) evocan unha natureza forestal descrita con anhelo e minuciosidade e que ben sitúa ao lector no escenario da propia fraga. Coñécese tamén co nome de monte d’As Zancas ou As Zancas de Arriba, termo co que se denominan as “leiras grandes e pechadas”. Zanca tamén significa “pernas longas e delgadas” e hoxe ben poderíamos establecer unha alegoría cuns castiñeiros que parecen reproducir tales atributos.

A figura máis importante na defensa e protección desta fraga foi o científico D.Ernesto Vieitez Cortizo (1921-2013). Certamente a el débese que estes maxestosos

## CONSIDERACIÓN DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

castiñeiros sexan coñecidos internacionalmente. O investigador contou con familia en Prado (Lalín) o que lle podería ter permitido “descubrir” esas árbores. Como investigador no estudo do castiñeiro na Misión Biolóxica de Galicia foi membro da Comisión Internacional do Castiñeiro. Nunha das súas xuntanzas en Italia, no 1953, fai amizade cun dos máis reputados especialistas mundiais desta árbore, o representante norteamericano da FAO, o Dr. Filippo Gravatt, ao que convida a coñecer estes castiñeiros. A visita a Catasós tería lugar o seguinte ano, acompañados de José Elorrieta, un referente da época no estudo das enfermidades do castiñeiro, e un mozo Fernando Molina que sería, por moitos anos, o director do Centro Forestal de Lourizán. Segundo relata o propio Vieitez Cortizo sobre a visita “ Gravatt e José Elorrieta quedaron abraiados. Ó seu regreso a Roma o científico norteamericano fixo que a FAO se dirixise ó goberno español recomendándolle que arbitrarse as medidas necesarias para evitar que aqueles castiñeiros fosen abatidos”. Como fitopatólogo traballou coa praga da tinta que estaba asolar aos castiñeiros de Europa e logrou grandes avances mediante a técnica dos enxertos con híbridos que tamén experimentou en Catasós. Vieitez Cortizo influíu decisivamente para que a Xunta de Galiza adquirira esta fraga e posterior declaración coma Monumento Natural. Tras moitos anos lograba un recoñecemento de protección efectiva para uns castiñeiros que adxectivou coma “maxestosos e señoriais, a expresión máis fermosa coma árbore forestal”.

A mellor maneira de visitar as Fragas de Catasós é facer o roteiro acondicionado polo seu interior, de 900 metros e moi baixa dificultade, cun desnivel acumulado de 25 m. Un bo entretemento para coñecer os recantos deste precioso lugar é localizar as chapiñas numeradas agochadas nos troncos coas que se inventariaron as árbores desta fraga. Así o castiñeiro máis alto figura co número 76, seguido polo 43, 77 o 105 e o 106. Todos eles exemplares únicos. Un dos castiñeiros máis antigos figura co 67. As árbores numeradas entre o 54 ao 66 identifican os carballos máis vellos e de

## **CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---

grandes dimensións. Os números 487 e 500 son sobreiras tamén centenarias descortizadas no pasado habendo tamén varios exemplares nunca descortizados.

## **2 PROPOSTA**

---

ADEGA MANIFESTA o interese e importancia ecolóxica que tería para o Monumento Natural das Fragas de Catasós o extender a súa protección ao conxunto forestal autóctono do que forma parte o actual Monumento.

Considerando que na actualidade non se pode entender a protección e conservación do Monumento, que se atopa confinado a unha superficie moi reducida, de 4,5 ha (na rega do Monte das Zancas) de forma illada do resto, e cando a súa riqueza botánica e paisaxística esténdese dunha forma homoxénea á masa forestal circundante, comprendido polos lugares das **fragas de Casas Vellas, Agra de Antuín, Agra de Gate, rego de Quintela, e fragas do Monte de Penelas , A Pereira, Portocelo.**





**ADEGA**


Asociación para  
a Defensa Ecolóxica de Galiza



**ADEGA**

Asociación para  
a Defensa Ecolóxica de Galiza

CONSIDERACIÓN DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASÓS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL



## CONSIDERACIÓN DO DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASÓS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---




Fig.2. Superficie resultante da proposta de ampliación do Monumento Natural das Fragas de Catasós. Superpostas en varias capas o Monumento Natural actual, o Área de protección paisaxística, proposta de Enil do Concello de Lalín.

Dita proposta ten por finalidade o garantir a protección ecolóxica e paisaxística da masa forestal circundante ao Monumento Natural da Fraga de Catasós. A súa ampliación supón un enriquecemento para o actual Monumento, e co que poder garantir o cumprimento dos obxectivos da Declaración do Monumento Natural, o favorecer o mantemento dos procesos ecolóxicos básicos que teñen lugar neste espazo.

Trátase dunha superficie que na súa maioría está integrada dentro da denominada ÁREA DE INTERESE PAISAXÍSTICO DE CATASÓS, un espazo predominantemente

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

forestal, con especies caducifolias autóctonas, nun mosaico paisaxístico de fragas, soutos e terras de labradío, xunto co bosque de galería do rego de Quintela.

**Todo o conxunto conforma unha unidade natural de alto valor paisaxístico e ecolóxica, e a posibilidade de ampliación do Monumento permitiría configurar, con todo merecemento, un bosque que supón unha exquisita representación da paisaxe agraria do interior de Galicia.**

Ademáis da importancia ecolóxica e representativa dos sistemas forestais tradicionais, esta ampliación proporcionaría un marco demostrativo de experiencias para a posta en valor da vida no rural en coexistencia con formacións de alto valor ecolóxico.

Recordar que o artigo 1.2 do Decreto 76/2000, pola que se declara monumento natural ás Fragas de Catasós, recolle que *“a declaración como monumento natural implica a protección pola Administración **dos procesos ecolóxicos básicos** existentes na zona, mediante a regulación da utilización ordenada dos recursos, que garantan o aproveitamento sostible das especies e dos ecosistemas e a súa restauración e mellora, para facer efectiva a preservación da variedade, singularidade e beleza do seu ecosistema natural e paisaxe”*. En virtude disto, e en atención á peculiar riqueza ecolóxica e paisaxística das formacións arbóreas colindantes ao Monumento, entendemos que con esta proposta de ampliación estaráselle proporcionando unha continuación e coherencia ecolóxica que favorece a integridade natural do espazo protexido das Fragas de Catasós e todo o seu entorno.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

A proposta de ampliación do Monumento das Fragas de Catasós permitirá :

- a) protexer e fomentar procesos e elementos de alto valor ecolóxicos. En particular das especies de interese e ameazadas presentes.
- b) permitir un tratamento silvícola conxunto de toda a masa forestal, co propósito de previr os potenciais riscos que poden ameazar aos elementos máis singulares do Monumento (os castiñeiros singulares de grande porte), expostos a diferentes condicionantes ambientais comúns a todo o seu entorno forestal.
- c) enriquecer, completar e incrementar o obxecto de protección, restauración e mellora polo que se declarou o Monumento Natural das Fragas de Catasos.
- d) facer efectiva a preservación da variedade, singularidade e beleza paisaxística e ecosistémica deste lugar, como exemplo demostrativo da xenuína paisaxe rural de Lalín.

### **3 CONSIDERACIÓNS SOBRE O RÉXIME DE PROPIEDADE DO MONUMENTO E A SÚA PROPOSTA DE AMPLIACIÓN: DOS SEUS USOS E APROVEITAMENTOS**

---

A) Tendo en consideración que o actual Monumento Natural ocupa 4, 5 Ha, conformado por titularidade pública, e sometido a un rexime de solo afectado pola Lei de Conservación da Natureza, e polo tanto no PXOU figura coma SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS.

B) Tendo en consideración que un espazo adxacente ao Monumento Natural figura declarado coma ÁREA DE ESPECIAL INTERESE PAISAXÍSTICO, e sometido a un rexime de solo afectado pola Lei da Paisaxe de Galiza, e polo tanto no PXOU coma SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN COMA ÁREA DE INTERESE PAISAXÍSTICO.

C) Tendo con consideración que todo o corredor fluvial conformado polo rego de Quintela e as súas marxes figura dentro do PXOU coma SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE CAUCE DE RIBEIRAS.

D) Tendo en consideración que o espazo forestal que rodea ao Monumento Natural, conformado por souto e fraga de arbores en distintos estadios de madurez, figuran dentro do PXOU coma SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL, e unha fracción menor coma de PROTECCIÓN DE AREA DE ARBORADO DISPERSO.

E) Tendo en consideración que o espazo de agras, prados de sega, e cultivos, presentres no entorno do Monumento figuran dentro do PXOU coma SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE PRADOS DE CULTIVO E MATOGUEIRA.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

Xa que logo, tendo en consideración que todo o espazo proposto para a ampliación do Monumento Natural figura amparado baixo un rexime de SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN, o feito de ser incluído dentro do Monumento, a efectos de rexime de usos e aproveitamentos do solo, non implicaría na práctica cambios significativos sobre as actividades actualmente autorizadas que afectan a ditas propiedades, dado que gozan en virtude da Lei do solo, dun amplo marco de protección. Ver táboa que se acompaña a continuación.

Si quedarían condicionados os usos e autorizacións de índole industrial, paso de infraestruturas, tendidos eléctricos e outras conducións, e aquelas outras suxeitas a cambios de usos do solo por plans ou programas suxeitos a autorizacións administrativas.

Do espazo resultante da ampliación do Monumento Natural das Fragas de Catasós o distinto nivel de cambios de uso que implicaría pode resumirse no seguinte cadro:

## CONSIDERACIÓN DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

SUPERFICIES AFECTADAS POLA AMPLIACIÓN MONUMENTO NATURAL							
clasificación protección	superficie	% que ocupa dentro da proposta AMPLIACIÓN	titularidade pública	titularidade privada	Usos e aproveitamentos forestais e agrogandeiros autorizados	Actividades Industriais, URBANÍSTICAS, autorizados	Protección fronte Infraestruturas, novas liñas eléctricas, etc.
Monumento Natural	4, 5	2,5%	SI	NON	--	NON	SI
AEIP, Area Interese Paisaxístico	45,11	25,06	Unha parte	Unha parte	SI ( na parte privada)	NON	SI
Solo Protección Cauces	37	20,5	SI	NON	NON	NON	NON
Solo Protección Forestal	130	72,22	NON	SI	SI	NON	NON
Solo Protección Prados cultivos e matogueira	13	7,2	NON	SI	SI	NON	NON
<b>Monumento Natural ampliado</b>	<b>180</b>	<b>100</b>	A parte corresponde nte ao actual Monumento	<b>SI</b>	<b>SI</b>	<b>NON</b>	<b>SI</b>

Fig. 3. Cadro sobre as clasificacións de protección do solo e como resultarían afectadas por diferentes usos e aproveitamentos en relación a situación actual.

## **4 ELEMENTOS XUSTIFICATIVOS PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---

### **4.1 Obxectivos**

O obxectivo da presente memoria é o analizar e establecer as bases para unha proposta de ampliación do Monumento Natural das Fragas de Catasós. Nesta memoria técnica destácanse os principais valores desta área e das súas necesidades de conservación.

A proposta de ampliación do Monumento Natural vai acompañada do seguintes contidos:

- Límites do espazo.
- Valores naturais do espazo que xustifican dita proposta e estado de conservación.
- Accesos e posibles gravames existentes sobre o espazo natural.
- Descrición socioeconómica do contorno.
- Normativa urbanística aplicable ao solo onde se localiza dita ampliación.
- Usos e aproveitamentos dos recursos naturais do espazo natural que se vai protexer así como usos do solo das áreas contiguas.
- Actividades que se prevé que se poidan desenvolver.
- Outros datos de interese.



## **5 MARCO LEXISLATIVO**

---

A figura do Monumento Natural regúlase na Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza. O seu artigo 13 dispón:

*1. Os monumentos naturais son espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza que merecen ser obxecto dunha protección especial.*

*Considéranse tamén monumentos naturais as formacións xeolóxicas e os demais elementos da xea, así como os xacementos paleontolóxicos, que reúnan un interese especial pola singularidade ou importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos.*

*2. Nos monumentos naturais só se admitirán os usos ou as actividades que non poñan en perigo a conservación dos valores que motivaron a súa declaración.*

*Artigo 24.-Declaracións.*

**Segundo o artigo 24, os Monumentos Naturais serán declarados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Medio Ambiente.**

## **6 XUSTIFICACIÓN COMA UNIDADE FORESTAL CONXUNTA**

---

A Fraga de Catasós foi declarada Monumento Natural no ano 2000 pola Xunta de Galicia (Decreto 76/2000, do 25 de Febreiro).

Ademais esta fraga está declarada como Formación Senlleira, no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras (Decreto 67/2007, do 22 de marzo e Decreto 10/2015 do 22 de xaneiro).

Estamos ante un pequeno espazo forestal que constitúe un interesante e singular “bosque” mixto de carballos *Quercus robur* e castiñeiros *Castanea sativa*. Os castiñeiros aquí presentes atópanse entre os de maior e mellor porte de Europa con alturas de ata 30 metros e máis de 5 m de perímetro na base. **O máis importante destas árbores débese a integridade dos seus portes**, isto é, árbores sen demoucar, un feito que os diferencia da maior parte dos soutos de Galicia.

No ano 1954 esta masa boscosa foi considerada pola FAO coma un espazo relevante por albergar os castiñeiros de mellor porte forestal de Europa.

Cara o leste do Monumento conta con varios soutos e fragas de interese, caso da Agra de Gate e a de Antuín: un continuo forestal formado por frondosas caducifolias, na súa meirande parte *Quercus robur* e *Castanea sativa*.

Xunto co Souto de Casas Vellas, a uns 1.250 metros, unha formación liñal de castiñeiros, *Castanea sativa*, de porte e masa de interese.

Cara o Norte conta coa continuación das fragas do Monte de Penelas, A Pereira, Portocelo, que de igual modo, trátase dun continuo forestal formado por frondosas caducifolias, na súa meirande parte *Quercus robur* e *Castanea sativa*.

## CONSIDERACIÓN DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

Toda esta unidade está vertebrada polo Rego da Quintela. A formación de bosque de galería actúa como conector ecolóxico común a todas estas unidades.




Fig.4. Marco territorial de estudo. Posición que ocupa a Fraga de Catasós con respecto ao Souto de Casas Vellas, Gate, Antuín, Monte de Penelas, A Pereira, Portocelo, co rego de Quintela coma cordón ecolóxico de unión.

**A ampliación do Monumento a todo o seu conxunto forestal autóctono permitirá establecer un modelo de ordenación territorial local que salvagarde a coherencia e integridade ecolóxica do conxunto do Monumento das Fragas de Catasos e as masas forestais contiguas a esta.**

O monumento natural das Fraga de Catasós ten unha continuidade forestal coas carballeiras e soutos do seu entorno inmediato. Todo este conxunto, a efectos de conectividade ecolóxica, debe ser considerado coma unha unidade indivisible en termos de biodiversidade.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

Son tres os elementos principais polos que a ampliación do Monumento contribuirá ao enriquecemento das Fragas de Catasós:

- O papel de conector e/ou de corredor ecolóxico que supón a corrente fluvial do río de Quintela. Elemento indispensable á hora de determinar a importancia ecolóxica de todo o conxunto forestal.
- A continuidade do dosel arbóreo fóra da superficie declarada protexida do Monumento, conformada por carballeiras e soutos que rodean as Fragas de Catasós.
- A presenza de especies ameazadas que figuran no Decreto 88/2007, de 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas.

O Monumento das Fragas de Catasós está representado por un hábitat forestal que ten alcanzado un alto grado de madurez en moi bo estado de conservación, con árbores excepcionais, motivo polo que se lle recoñece a distinción coma Monumento Natural. Un espazo ben conservado pero limitado pola súa escasa superficie, e planificada a súa xestión coma unha unidade illada.

**Aquí é onde a incorporación do entorno forestal da masa forestal contigua, e conectada a través do rego de Quintela, aporta unha banda de amortecemento que enriquece e contribúe a preservar a finalidade de protección do Monumento. Todo nun conxunto que, a súa vez, destaca polo seu grado de naturalidade e alto nivel de conservación.**

**As masas forestais autóctonas que rodean ao Monumento deben ser entendidas coma unha entidade forestal e punto de biodiversidade**

## CONSIDERACIÓN DO DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

situado nun estado de desenvolvemento precursor semellante ao que en tempos foi a propia Fraga de Catasós.

Polo tanto, a importancia dunha ampliación do Monumento radica na idea de que a súa incorporación contribuirá a enriquecer e manter a integridade biolóxica do lugar, e a posibilidade de introducir medidas de conservación que permitirán introducir unha coherencia de xestión ecolóxica para toda esta unidade.

O papel de conector ecolóxico e zona de amortecemento que propiciaría a ampliación do Monumento redundaría ademáis na medida de proporcionar unha cobertura de maior protección para varias especies incluídas dentro do Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

## CONSIDERACIÓN DO DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASÓS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL




Fig.5. Souto de Casas Vellas, Fraga de Catasós e Área de Interese Paisaxístico Castiñeiros de Quiroga. Liña de conectividade entre os diferentes espazos vertebrados polo Rego de Quiroga.

Destacar a presenza de varias especies Vulnerables dentro do Catálogo, así coma outras, co mesmo réxime de protección, das que resulta agardable a súa presenza dentro do que sería a superficie maior deste espazo. Na actualidade resulta escasa a información sobre o coñecemento e estado de moitas destas especies e das súas poboacións a nivel galego.

Polo que para aquelas especies que por razóns ecolóxicas e/ou biolóxicas se presume unha probabilidade alta de presenza, a oportunidade que ofrece a ampliación do Monumento, a efectos de aportar nova información que mellore o seu estado de coñecemento, en canto a **proporcionar estudos de base e documentos de viabilidade cara a mellora dos seus instrumentos de planificación** ( conforme ao

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

disposto no artigo 15, apartado 4, do DECRETO 88/2007, polo que se regula el Catálogo galego de especies ameazadas), **supón unha das maiores contribucións, no referido ao coñecemento e conservación da biodiversidade de Galicia, pode aportar a ampliación deste espazo protexido.**

## **7 LÍMITES DO ESPAZO. PLANO DE LOCALIZACIÓN E VÉRTICES DA POLIGONAL QUE REPRESENTAN O PERÍMETRO DO ESPAZO.**

**Posición xeográfica:** Altitude 42° 38'7''N Lonxitude: 8° 6'25''O

**Superficie proposta do Monumento Natural das Fragas de Catasos:** 180 Ha.

**Delimitación poligonal proposta de ampliación:**

<b>Nº</b>	<b>Coordenada X</b>	<b>Coordenada Y</b>
1	575.412.10	4.721.980.07
2	575.812.09	4.721.805.71
3	575.225.25	4.721.087.62
4	574.730.06	4.720.672.05
5	574.105.39	4.720.181.47
6	573.465.61	4.720.444.66
7	572.906.50	4.720.403.69
8	572.657.21	4.720.685.09
9	573.449.49	4.720.970.42
10	574.109.73	4.720.763.57



## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASÓS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

11	574.414.32	4.721.236.65
----	------------	--------------

**Fig.6. Principais coordenadas da delimitación poligonal do Monumento Natural.**

A zona de ampliación do Monumento atópase no concello de Lalín, concretamente na parroquia de Catasós, próximo tamén ó lugar dese mesmo nome.

A estrada N-520 Santiago a Ourense divide a masa forestal deixando no extremo norte o Monumento Natural Fraga de Catasós. O rego de Quintela discorre zizagueando con continuos cambios de orientación polo val, primeiro de NL a SO, e despois virando de SO a NL, para finalmente dispoñerse rectilíneo de L a O.

Os seus límites son os seguintes:

**N:** Limita cos lugares próximos de Regoufe, Gate, Agro de Covás, Agro de Carreira, Celemin. Marcando o límite do espazo o rego de Quintela.

**S:** Cos lugares de Barrio, Casas Vellas, Antuín, Catasós, a Cabreria.

**L:** A N-525, Ourense-Santiago, Monte de Antón, Couto Mamasoa, Carballa Torta.

O Monumento Natural das Fragas de Catasós comeza unha vez atravesada a estrada.

**O:** Limita cos lugares próximos de Enxame, Moneixas, O Couto. Limita Casas Vellas coa Agra do Val.

## 8 APROXIMACIÓN Ó MARCO TERRITORIAL E DA PAISAXE

---

O Catálogo de Paisaxe do Deza constitúe un dos instrumentos para protección, xestión e ordenación da Paisaxe establecidos pola Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia. Este documento desenvólvese dentro da Estratexia da Paisaxe de Galicia promovida dende a Xunta de Galicia e na que se recolle **que estamos ante a Gran Área Paisaxística da Galicia Central.**

Na imaxe amósanse as masas forestais de interese dentro desta área, así como a que se pretende sexa a área de vertebración de ámbolos dous lugares:




Fig.7. Disposición do Souto de Casas Vellas e Rego de Quintela e liña de vertebración do espazo forestal.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

O territorio que nos ocupa atópase na **Área Paisaxística denominada “Vales Suaves do Río Deza”**. Esta área caracterízase por ter pendentes predominantemente suaves e altitudes medias. Transcorre por zonas que en xeral presentan unha especialización gandeira con predominio de pasteiros e cultivos forraxeiros mesturados por pequenos “bosques” de frondosas.

O espazo está dentro da **Unidade Paisaxística “Val do Asneiro”**, representada por unha serie de elementos que a caracterizan, e que son:

- Alta **accesibilidade visual** debido á forte ocupación do terreo tanto por parte dos asentamentos de poboación como pola presenza de infraestruturas lineais N-525. Isto condiciona a que calquera modificación ou implantación de novas infraestruturas vai ter unha grande repercusión visual.
- Orografía suave. Permite a existencia de cuncas visuais amplas polo que a efectos de paisaxe vai ter altas repercusións.
- Alta densidade de poboación e de núcleos e debido a presenza da **proximidade do núcleo de Lalín e do aumento da urbanización e instalación e coberturas artificiais**. O que fai que este entorno sexa especialmente importante como elemento de mantemento das características naturais e como freo a perda de naturalidade.
- Especialización gandeira con predominio de pasteiros e cultivos forraxeiros mesturados con **unidades forestais de frondosas** aínda abundantes.

Como principais valores paisaxísticos inherentes o entorno de estudo destacamos:


- Mosaico forestal de gran calidade visual e **escasamente transformada**.
- Presenza de bosque de galería asociado ao **modelado fluvial do relevo**, sendo o rego de Quintela a corrente fluvial principal de drenaxe.
- Paisaxe agroforestal, sebes, e pasteiros tradicionais.



Fig. 8. Marco territorial de estudo e conexión do espazo coa Fraga de Catasós.

A caracterización LiDAR do trazo forestal e paisaxístico da unidade *rego de Quintela-Fragas de Catasós* permite apreciar a importancia da densidade e ocupación das unidades forestais de frondosas, o mosaico cos cultivos, e modelado fluvial. O resultado é o establecemento duns límites claros que marcan a unidade forestal e paisaxística máis representativa dentro de todo o conxunto territorial sometido a estudo.

**CONSIDERACIÓN DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**



**Fig.9.** Caracterización LiDAR da zona de ampliación, pola parte oeste, onde perfectamente se reconece a densidade forestal de frondosas máis relevante.

## **9 VALORES NATURAIS DO ESPAZO**

---

### **9.1.1 Valores xeolóxicos**

A zona de ampliación localízase nun espazo xeoloxicamente bastante complexo, porque unha parte do mesmo corresponde ao *dominio parautóctono* ou *xistoso* e a outra forma parte do *dominio alóctono*, imbricado sobre o anterior mediante un cabalgamento. Para explicar esta situación teríamos que partir do proceso de formación da gran cadea montañosa de orixe hecínica, que tivo lugar durante a era Primaria (período Cambro-Ordovícico), pero ese non é obxectivo deste estudo. O *dominio xistoso* forma parte da *Zona de Galicia Tras os Montes (ZGTM)*, mentres que o *dominio alóctono* corresponde ao *Complexo de Ordes*, constituído por un apilamento de mantos separados entre sí por cabalgamentos ou despegues extensionais afectados por fallas:

**CONSIDERACIÓN DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**




Fig.10. Espazo do contorno do Monumento Natural das Fragas de Catasos, coas principais liñas de fractura existentes na zona. Ao Oeste da falla 3 atópase a Unidade Basal de Lalín, que forma parte do Complexo de Ordes (dominio alóctono) e, a súa dereita, está o Grupo do Paraño que corresponde ao teito da Area Xistosa de Galicia Central Tras Os Montes (dominio parautoctono). Mapa topográfico base: SIGPAC.

1- Fractura Lagazós-Os Muíños de Vilanova. 2- Fractura Gate-Puxallos. 3- Falla Casares-Navallo que atravesa a liña de contacto xeolóxico (fronte cabalgamento). 4- Fractura Mamasoa-Barrio (O Sixto). 5- Fractura Belelle-Paredes (O Sixto). 6- Fractura Alfonselle-Pidre (O Sixto).

Centrándonos na área na que se inscribe o Monumento Natural, atópase unha falla



## CONSIDERACIÓN DO DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

inversa de forma lixeiramente arqueada, de dirección SSO-Norte, que se estende desde Navallo ata a aldea de Casares (parroquia de Goiás) e, despois de seguir o rego de Valdemoa, adéntrase no val do rego de Quintela, para continuar marcando a valgada de Belelle. Esta falla coincide co fronte de cabalgamento que separa a *Unidade Basal de Lalín*, pertencente ao Complexo de Ordes da *Area Xistosa de Galicia Central (AXGC)*.

A *Unidade de Lalín*, situada ao Oeste desa falla (fronte de cabalgamento), está formada por unha sucesión de xistos e paraneis con intercalacións de ortoneis e anfibolitas, que se sitúan por encima da AXGC, contactando de forma directa co denominado Grupo de Paraño, formado por micaxistos. Na fronte do cabalgamento aparece material triturado (cataclasitas) de fácil remoción, que facilita a escavación fluvial ou adaptación dos cursos de auga á liña de contacto. Loxicamente a un lado ou a outro deste cabalgamento cambian as condicións do substrato, o tipo de solos, a infiltración da auga e a humidade e, por iso, cambia a calidade das madeiras e o crecemento das árbores. Ao Oeste desta liña de contacto, entre o castro de Catasós e o Coto de Casas Vellas, aparece un potente paquete de anfibolitas, escasamente meteorizadas, que algúns xeólogos consideran parte da "*Formación Xesta*". A aparición deste corpo anfibolítico é o causante do ensanchamento da ladeira, de tal forma que o rego de Quintela desprazase cara o Norte formando unha lixeira curvatura, que amplía a vertente, favorecendo as condicións ecolóxicas (vertente de umbría) para a aparición dun bosque caducifolio explotado intensamente pola silvicultura tradicional.

A tectónica condiciona o entramado fluvial de forma evidente, posto que varios ríos da zona adáptanse ás liñas de fractura. Así, polo lado occidental, a fractura de dirección NE-SO, entre Lagazós e Os Muíños (Vilanova), de 6 km de lonxitude, marca o trazado dunha parte do curso principal (rego de Quintela) e, de forma lineal, todo o curso do rego de Murazón. Outra fractura, de dirección SSL-NNO é a que vai desde Puxallos ata Gate (3,75 Km) condicionando o trazado de varios pequenos cursos fluviais: os regos de Puxallos e da Cabreira, que verten augas no Pozo Negro e o val que se

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

forma ao Norte da Cabreira, en dirección ao rego de Quintela.

### 9.1.2 O relevo

O rego de Quintela é o eixo vertebrador deste espazo, que forma parte do comezo da divisoria hidrográfica deste curso fluvial e a rede do rego Meao, polo lado Oriental. Esta divisoria hidrográfica forma unha extensa lomba que sae do interfluvio Asneiro-Arnegó, na cima do Monte Costado (745 m), desde a que se estende ao longo de 7,2 quilómetros, ata o Coto de Santomé (559 m). No seu percorrido, de dirección NL-SO, experimenta un sucesivo decrecemento de altura, perfectamente apreciable nas cotas máis significativas: Alto de Monte Costado (745 m), O Coto (717 m), Carballa Torta (682 m), Coto de Mamasoa (675 m), A Cabreira (601 m), Aurela do Castro de Catasós (632 m), Monte de A Xesta (615 m), Castro de Vilanova-Medelo (588 m) e finalmente Coto de Santomé (559 m), a escasa distancia do paso do río Asneiro por Mouriscade:

**CONSIDERACIÓN DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASÓS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**




Fig.11. Zona correspondente ao curso fluvial do rego de Quintela que serve coma elemento vertebrador e de conectividade de todo o conxunto forestal. Mapa base: SIGPAC.

Esta lomba pode subdividirse en tres tramos:

a- *Tramo Monte Costado-A Cabreira.*

Este tramo, de dirección NL-SO, cunha lonxitude de 3.700 metros, corresponde á vertente máis elevada da cunca fluvial do rego de Quintela. A liña divisoria e a corrente fluvial manteñen unha gran correspondencia:

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

- Lonxitude equivalente (rego de Quinlela 3.100 metros e liña divisoria 3.700 metros)
- Distancia de separación case constante, entre a liña divisoria e a corrente fluvial (distancia media 525 metros). Esta distancia é a que marcha o ancho da vertente
- A diferenza de altura (desnivel) entre a liña divisoria e o curso fluvial garda unha proporción case constante (valor medio 68 metros). Isto inflúe na pendente das pequenas canles de primeira orde que se forman nesta vertente case invariable.

### b- *Tramo A Cabreira- Tras do Castro*

Este tramo, de 1 Km de lonxitude, segue un trazado L-O e a distancia entre a liña divisoria e o curso fluvial, non mantén nin o paralelismo nin a equidistancia do primeiro tramo, aínda que o desnivel de ambos dous se manteña constante

### c- *Tramo Tras do Castro-Coto de Santomé*

Neste tramo a liña divisoria recupera a dirección inicial e o mesmo sucede co curso fluvial ata sobrepassar a autovía Ourense-Santiago.

As consecuencias xeográficas derivadas deste relevo son basicamente as seguintes:

- 1- A existencia dun val disimétrico con dúas vertentes de aspecto moi diferente
- 2- Formación de cortas correntes fluviais de primeira orde de trazado L-O sobre a vertente esquerda
- 3- Formación de solos cada vez máis profundos cara o fondo dos vales. nos que se acumulan nutrientes e humidade, que favorecen o crecemento de especies arbóreas
- 4- O factor orientación, tamén resulta determinante para as formacións vexetais, que se adaptan ao diferente grao de insolación de cada vertente
- 5- Aparición de pequenos conos torrenciais na confluencia co colector fluvial principal, no que poden localizarse zonas hidromorfas, cando a circulación de auga se remansa

Toda esta zona integrada na *Penichaira Galega*, orientada cara o Oeste e forma parte

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

da vasta extensión da "Superficie Fundamental de Galicia" ou "Superficie de Chantada-Lalín", unha superficie de erosión que domina a parte central de Galicia, ocupando unha altura media situada entre os 600-500 metros.

### 9.1.3 O clima

Para indicar as características climáticas do espazo ocupado polo Monumento e a súa zona de ampliación dispoñemos de gran cantidade de datos meteorolóxicos recollidos na estación de Mouriscade (Vilanova), localizada en dirección SO, a tan só tres quilómetros de distancia. A referida estación, situada moi cerca do río Asneiro, a unha altura de 500 metros, conta cun rexistro diversificado de observacións durante un período de 33 anos (1982-2015), perfectamente válidos para describir as condicións climáticas desta área.

A estación meteorolóxica está orientada cara o Sur (vertente dereita do río Asneiro), en posición de solaina, mentres que o espazo abarcado polo zona de ampliación atópase localizado na vertente esquerda do rego de Quintela, está orientado cara o Norte e cara o Noroeste. Esta circunstancia ou factor xeográfico modifica relativamente as condicións climáticas, facendo que a insolación sexa menor e a humidade maior no espazo do Monumento e da súa zona de ampliación, respecto da estación de referencia.

A diferenza de altura entre a estación meteorolóxica e o Monumento Natural é pouco significativa porque a cota máxima deste último non sobrepasa os 650 metros e a inferior está nos 530 metros, cun desnivel máximo de 120 metros.

### 9.1.4 Temperaturas

Os datos da estación de Mouriscade permiten facer unha estimación moi axustada das condicións térmicas medias do Monumento, situado moi cerca do lugar de observación meteorolóxica. As variacións observadas en tódolos tipos de temperaturas mostran unha evolución regular ao longo do ano, propia dun **clima temperado oceánico**,

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

modificado pola situación xeográfica.

- As *temperaturas máximas absolutas* oscilan entre valores comprendidos entre 38,5°C (agosto de 1990) e 12°C de máxima rexistrada no mes de xaneiro de 1984. A diferenza térmica entre estas temperaturas é de 26,5°C.

- A *temperatura media das máximas* sitúase entre o valor máis elevado, 29,4°C (agosto 1998) e 8,8°C en xaneiro de 1985 e febreiro de 1983. A oscilación entre estes dous valores é de 20,6°C

- A *temperatura media mensual*, considerada como un dos elementos máis importantes dun clima, segue o ritmo estacional, presentando o mínimo valor en xaneiro (6,1°C) e o máximo en xullo (17,9°C). Como a temperatura media máis elevada se acada no mes de xullo, os meses nos que ten lugar o ascenso sobrepasan aos da caída, por iso, a fase de quecemento é de maior duración ca de enfriamento, como consecuencia do afastamento do océano. A oscilación térmica é de 11,8°C.

- A *temperatura media das mínimas* oscila entre o valor máis alto, 13,5°C (xullo 1995) e o menor, -3,3°C, rexistrado en xaneiro do ano 2000. A diferenza entre estes dous valores é de 16,8°C.

- A *temperatura mínima absoluta mensual* máis baixa, -12°C, rexistrouse no mes de decembro do ano 2001 (inverno), mentres que a mínima absoluta máis alta tivo lugar no mes de xullo de 1988 con 10,8°C. A diferenza entre ámbolos dous valores é de 22,8°C

A máxima oscilación térmica, 50,5°C, ven dada pola diferenza existente entre o valor da temperatura absoluta máis elevada (38,5°C) e o da mínima absoluta máis baixa (-12°C).

### 9.1.5 Precipitacións

As precipitacións que se rexistran nesta zona proceden, basicamente, das chuvias

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

orixinadas polo paso das fronteas asociadas a borrascas formadas sobre o océano Atlántico, que chegan á costa occidental galega e penetran pola foz das rías ou sorteando os obstáculos orográficos próximos ao litoral. As situacións atmosféricas con fluxos do NO, O, SO e S van a ser as que produzan a maior parte das precipitacións no espazo do Monumento e zona proposta de ampliación, no seu percorrido terra adentro, veranse afectadas por determinados factores xeográficos.

Un dos obstáculos que deben superar ás fronteas procedentes do Atlántico, antes de chegar á zona sur da comarca de Deza, onde se localiza o Monumento, é sobrepasar a Serra do Candán con alturas comprendidas entre 800-1000 metros. Esta barreira montañosa de dirección S-N obriga ás masas de aire oceánicas a ascender desde a liña de costa e, nese ascenso forzado, orixínanse dous procesos meteorolóxicos: un descenso das temperaturas coa altura e un aumento significativo das precipitacións na ladeira de barlovento, a situada no lado occidental da Serra do Candán. Pola contra, a ladeira de sotavento, a situada no lado oriental da Serra, queda protexida deses efectos e nela ten lugar un aumento da temperatura (a un mesmo nivel a temperatura na ladeira de sotavento é superior a da ladeira de barlovento) e un resecamento do aire, polo que as precipitacións diminúen apreciablemente. Comparando os datos da estación de Mouriscade, situada a sotavento, cos da estación de Pereira a barlovento, téñense dado variacións, en canto a chuvias orixinadas polo paso de fronteas atlánticas, que chegaron a ser o 40% inferiores en sotavento.

O promedio de precipitacións rexistrado durante 33 anos, con datos completos de 402 meses, é de 1.265 mm, un valor moi representativo das características pluviométricas desta zona. Durante as estacións de outono e inverno rexístrase o 71% do total de precipitacións (outono 41% e inverno 30%), quedando o resto para a primavera (19,3%) e para o verán (9,8%).

No 75% dos meses con rexistro (402 meses) a cantidade de precipitacións non supera os 150 mm e tan só o 1,5% dos meses presentan rexistros por encima dos 400 mm.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

O mes con precipitacións máis altas (valores medios) corresponde a outubro con 180,8 mm, seguido de decembro con 172,4 mm, mentres que o mes que presenta un rexistro máis baixo é xullo con 20,2 mm. Nos rexistros mensuais existentes tamén se aprecia que non houbo precipitacións en catro ocasións: no mes de xullo as precipitacións foron 0,0 mm en 1986, 1990, 1992 e en setembro de 1988.

### 9.1.6 Días de chuvia

O promedio de días de precipitación con rexistro superior a 0,1 mm (período 2002-2015) é de 130,1 días/ano, é dicir, hai precipitacións apreciables o 35,8% dos días do ano. O valor anual máximo tivo lugar en 2014, con 159 días de precipitación e o mínimo foron 98 días en 2011.

A distribución estacional ven marcada por un valor elevado en outono, o 34,2% dos días e en inverno con 29,6%, correspondéndolle á primavera o 23,3% e ao verán o 12,9%.

### 9.1.7 Precipitación máxima en 24 horas

A cantidade de precipitacións diarias (24 horas) rexistradas ao longo do ano é un elemento importante do clima, pola repercusión que pode ter no ambiente dado que, un gran volume de precipitacións, nun curto período de tempo, pode ocasionar efectos catastróficos. As chuvias violentas producidas por tormentas en maio-xuño ou asociadas ao paso de fronteas frías moi activas teñen ocasionado innumerables danos na agricultura, nos prados, nas árbores, nos camiños, nas vivendas, etc.

Os rexistros de Mouriscade (período 2002-2015) sinalan episodios con 96,8 mm en 24 horas (outubro 2010) e outros inferiores con 80,6 mm (decembro 2012) coincidindo, en tódolos casos, as maiores intensidades en outono-inverno. Rexistros pluviométricos destas características provocan o desbordamento dos ríos ou a formación de cavorcos en pequenos vales de ladeira, como sucede nalgúns puntos de concentración do escoramento na vertente esquerda do rego de Quintela.



## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

Tamén se contabilizan episodios intensos nos meses da maio-xuño (42 mm en xuño 2006), producidos por tormentas de tipo convectivo. Nestes eventos as descargas son máis intensas porque, nun escaso marxe de tempo, ten habido precipitacións moi elevadas. Nunha estación pluviométrica instalada na Vila de Lalín, a 2,4 quilómetros de distancia en liña recta das Fragas de Catasós, téñense rexistrado precipitacións tormentosas moi intensas (28 mm en 30 minutos o 13-05-1993 ou 17,5 mm en 12 minutos o 30-06-1995).

### 9.1.8 Humidade

Na atmosfera existe continuamente unha cantidade variable de auga nos tres estados (sólido, líquido, gaseoso), que procede da evaporación e da evapotranspiración. Un nivel moi alto de humidade favorece a propagación de fungos que afectan ás plantas diminuíndo, notoriamente, a produtividade (ascomicetos, mildiu, oidio, ...) e, pola contra, se os niveis de humidade son moi baixos contribúen a unha acelerada deshidratación da vexetación (plantas, cultivos, ...).

O contido de auga na atmosfera exprésase, normalmente, en forma de humidade relativa, que sinala a porcentaxe de vapor de auga existente nunha masa de aire en relación coa súa máxima capacidade no punto de saturación. Este valor depende da cantidade de auga que haxa no aire e da temperatura. Canto máis alta sexa a temperatura maior será a capacidade do aire para almacenar auga en estado gaseoso, pero un descenso nas temperaturas provoca a condensación ao chegar ao “punto de orballo”.

Nas situacións anticiclónicas a humidade relativa varía ao longo do día, aumentando considerablemente pola noite ao baixar as temperaturas e diminúe cara o mediodía. Esta situación pode resultar perigosa, durante a primavera, para certos cultivos sensibles como a pataca, as hortalizas e a maioría das árbores froiteiras.

En Mouriscade a **humidade relativa media anual** é do 71,2%, un valor que se pode

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

considerar de transición entre o *dominio costeiro húmido* e o *dominio interior seco*. As medias mensuais oscilan entre valores máximos de finais de outono e comezos de inverno (novembro 78,1%) e os mínimos do verán (agosto 65,6%), cun mínimo secundario no mes de marzo (68,7%). A anomalía observada no mes de marzo, con valores por debaixo do esperado, ten a súa explicación no resecamento atmosférico que ten lugar durante este mes: ceos despexados polo día e noites frías, nas que baixa a cantidade de vapor de auga presente na atmosfera.

A **humidade relativa mínima absoluta** ten moita importancia para o desenvolvemento das plantas, sobre todo durante o período de xerminación. Se a humidade é moi baixa as plantas deshidrántanse e, aínda que, poden conservar o seu verdor, sen embargo, están totalmente resecaadas e iso favorece a súa fácil combustión nos incendios forestais. Os valores mínimos na humidade relativa teñen lugar no mes de marzo (media das mínimas 18,5%), que é cando as plantas están máis deshidratadas. No período observado téñense rexistrado valores extremos de tan só o 2%.

A evolución mensual da **humidade relativa mínima media** presenta dous mínimos, os de marzo e agosto, e dous máximos, un principal en novembro e outro secundario en maio. Os valores mínimos absolutos mensuais danse a finais do inverno e a comezos da primavera.

### 9.1.9 Días de xeadas

As xeadas prodúcense cando a temperatura do aire baixa de 0°C, a partires deste valor o vapor de auga conxélase e deposítase en forma de xeo sobre a superficie do solo (herbas, plantas, árbores, pedras ...) As xeadas poden orixinarse de dúas formas: por irradiación ou por advección. As **xeadas de irradiación** prodúcense polo arrefriamento do solo, durante as noites despexadas do inverno e comezos da primavera, que se transmite ao aire que está en contacto con el (o vapor de auga pasa directamente a estado sólido), mentres que as xeadas de **advección** teñen lugar coa chegada dunha masa de aire moi fría de procedencia polar ou ártica.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

Segundo a estación meteorolóxica de Mouriscade as xeadas presentan unha variación mensual, ao longo do ano, inversa á das temperaturas, por seren unha consecuencia delas. O valor medio máis elevado ten lugar no mes de xaneiro (12,7 días de promedio), mentres que os meses centrais do verán (xullo e agosto) quedan libres deste meteoro. As xeadas son raras nos meses de xuño e setembro, pero non sucede o mesmo en maio. Por anos o número de días de xeadas oscila entre un máximo de 86 días en 2012 e un mínimo de 23 días en 2014, sendo o valor medio de 58,6 días de xeadas ao ano.

Os valores máximos absolutos (maior número de días de xeadas) danse no mes de xaneiro (28 días con xeadas en xaneiro do ano 2000), pero tamén se acadan valores altos en febreiro (23 días en 2012).

### 9.1.10 Vento

O vento é outro elemento importante do clima, orixinado polas diferenzas de presión entre as células anticiclónicas e as ciclónicas. Ten lugar cando o aire se pon en movemento horizontalmente sobre a superficie terrestre e, por iso, resulta cuantificable tanto a súa dirección como o recorrido diario, valor que se pode expresar en forma de velocidade.

Os ventos dominantes son os de compoñente Sur (57,8% do total de días do ano no período 2002-2011), seguidos dos que teñen compoñente Norte (34,6% do total de días no mesmo período). Os ventos de compoñente Norte introducen aire frío, refrescando o verán (mes de xullo) ou provocando unha baixada apreciable das temperaturas durante o inverno, mentres que os de compoñente Sur poden traer precipitacións durante o inverno ou introducen masas de aire cálidas no verán, como a "canícula" no mes de agosto.

A velocidade acadada polo vento, en función da súa intensidade, pode resultar prexudicial para o desenvolvemento da vida en xeral pero, salvo determinadas

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASÓS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

cicloxéneses explosivas, na zona do Monumento Natural non se acadan situacións perigosas. A poboación de maior idade recorda o fortísimo vendaval de febreiro de 1971 que levantou tellados, derrubou árbores, desfixo palleiros, tirou cancelas, etc. En outubro de 1984 a transformación do furacán Hortensia nunha intensa borrasca da zona temperada, ocasionou ventos moi intensos que levantaron as tellas das casas e dos hórreos, abalaron as árbores froiteiras, os castiñeiros e os carballos (landres), romperon moitas polas, tumbou o millo dos agros, tirou numerosos piñeiros e nas fragas de Catasós derrubou varios castiñeiros.... O último gran vendaval, que tamén derrubou algunha árbore nesta zona, foi o que tivo lugar a finais de xaneiro de 2009.

O refachos máximos acadados en Mouriscade para o período 2000-2015 raramente sobrepasan os 105 Km/h pero na zona do Monumento Natural esas velocidades son maiores por ser unha zona aberta á circulación do vento de compoñente Sur.

### 9.1.11 Hidrografía

A zona está localizada na vertente esquerda do rego de Quintela, que ten o seu punto de nacemento na ladeira do Monte Costado, concretamente nun importante manantial coñecido como "Sete Fontes" (manantial canalizado polo concello de Lalín para abastecementos domésticos en 1994).

O rego de Quintela forma parte da rede fluvial do río Portos, que desemboca no río Asneiro ao Norte do Polígono Industrial de Botos, a 442 metros de altura sobre o nivel do mar (fig 3). Este curso fluvial, de carácter permanente desde o manantial de "Sete Fontes" (680 metros de altura), discorre en paralelo coa divisoria de augas, que se estende, na parte superior da conca, desde o alto do Monte Costado (745 m) ata o Castro de Catasós (632 m) e Casas Vellas, onde recibe, pola vertente dereita, o rego de Murazón.

O rego de Quintela é, xuntamente coa citada divisoria de augas, o principal eixe vertebrador do Monumento Natural e toda a masa forestal que agora se propón

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

ampliar. Tanto a liña superior, divisoria hidrográfica, como a inferior, curso fluvial, seguen un trazado paralelo cun ancho medio de banda, ata Antóin, de 520 metros e, a partires desta localidade, por causa da aparición dun corpo masivo de anfibolitas (rochas metamórficas) o regato desprazase cara o Norte facendo que o ancho de banda acade 875 metros. Neste engrosamento do ancho da ladeira, que significa un aumento do 70% na elongación da vertente, é onde se localiza o núcleo forestal de caducifolias de Casas Vellas, e do Monte de Penelas, A Pereira e Portocelo.




Fig.12. Rede fluvial completa (cursos permanentes e estacionais) da subconca fluvial do rego de Quintela que se integra na conca do río Portos, afluente do río Asneiro. Fonte elaboración Antonio Presas.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

No seu conxunto, a vertente esquerda do rego de Quintela, ocupada por carballeiras e soutos, e cunha lonxitude media duns 5,1 Km, presenta certos rasgos de singularidade:

1- Existencia dunha rede fluvial asimétrica dado que, ata a confluencia do rego de Murazón (en Regoufe), o rego de Quintela recibe catro afluentes pola vertente dereita, mentres que pola esquerda verten dezaoito afluentes, case todos eles de 1ª orde (canles fluviais primarias que non reciben augas de outras canles).

2- As características máis salientables das canles de 1ª orde que se forman na vertente esquerda do rego de Quintela son estas:

a- A súa lonxitude media é de 380 metros (a canle máis corta mide 175 metros e a de maior lonxitude 675 metros)

b- O seu desnivel medio (diferenza de altura entre o punto de nacemento e a súa desembocadura no rego de Quintela) é de 48 metros (valor máximo 72 metros e mínimo 30 metros)

c- A pendente media destas canles de 1ª orde é do 13,3% (valor máximo da canle con maior pendente o 20% e valor mínimo o 8,2%).

3- A vertente esquerda do rego de Quintela goza dunhas excelentes condicións de drenaxe, non só polo fácil escoramento da auga sobre o solo, senón tamén polo elevado número de canles primarias existentes (promedio de 6 canles de 1ª orde por Km<sup>2</sup>). A esta elevada frecuencia de canles de primeira orde tamén lle corresponde unha *densidade de drenaxe* apreciable: 4,13 Km de canle fluvial por cada Km<sup>2</sup> de superficie. A lonxitude acumulada de todas as canles fluviais existentes na vertente esquerda do rego de Quintela, incluíndo o curso principal, é de 12,95 Km e a superficie abarcada, neste caso, é de 3,135 Km<sup>2</sup>.

4- A distancia mínima que hai entre as canles de 1ª orde, que se forman sobre a vertente esquerda do rego de Quintela, acada un valor medio de 257 metros, moi parecido ao valor teórico ( 270 metros, valor que se obtén como cociente ao dividir a

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

distancia total da vertente entre o número de canles que se forman na mesma).

5- A existencia de certos fenómenos de torrencialidade propiciados, algúns deles, por intervencións antrópicas no medio. Nalgunhas canles apreciase un forte escavado do terreo, en zonas de forte pendente, e un arrastre de materiais ata a liña de confluencia co rego de Quintela, unha vez que diminúe a pendente. Este fenómeno da lugar á formación de pequenos *conos torrenciais* que, a veces, son difíciles de apreciar. O caso máis chamativo é o "*cono torrencial*" localizado no "*Monumento Natural das Fragas de Catasós*", que fosilizou solos máis profundos nos que se nutren as raíces dos elevados castiñeiros centenarios alí presentes.

6- As canles que se forman na vertente esquerda do rego de Quintela presentan unha marcada estacionalidade e, tan só, circula auga polas mesmas despois de producirse abundantes precipitacións. En determinados casos empregouse, na media ladeira, o nivel profundizado destas canles para realizar captacións de auga subterránea mediante "minas", pero nin con iso se acadou a consecución de manantiais permanentes, posto que terminaban esgotándose durante os meses de verán e comezo do outono.

O rego de Quintela, ao longo do seu recorrido desde Sete Fontes, a 680 metros de altura, ata a ponte vella da estrada Lalín-O Irixe, salva un desnivel de 150 metros, recorre unha distancia de 5,14 Km e presenta unha pendente media do 2,92%.

### 9.1.12 Solos

Na formación dos solos interveñen varios elementos e procesos: o material xeolóxico, o relevo, o tempo, o clima e a actividade biolóxica.

O **material xeolóxico** neste espazo, formado por paragneis, anfibolitas e micaxistos, proporciona a maior parte dos minerais do solo mediante transformacións químicas exercendo un forte control sobre a súa textura.

O **relevo** é un formador pasivo. Nunha pendente acusada, con escoramento rápido e

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

forte erosión superficial, os solos son "*delgados*" ou inexistentes. En zonas aplanadas e altas, como son as liñas divisorias, acumúlanse capas gordas de solos acidificados e lixiviados e en áreas de fondo de pendente tamén poden aparecer "solos gordos", orixinados por acumulación de arrastres. As zonas de pendentes suaves, con escasa erosión, son ideais para a formación de solos (edafoxénese positiva).

Outro aspecto importante da influencia do relevo é a **orientación** respecto dos raios do sol, sendo as vertentes de solaina (orientadas ao Sur) as que se ven máis afectadas pola seca, mentres que nas de umbría (orientadas ao Norte) o solo está máis fresco e conserva mellor a humidade. Aquí, debido as súas favorables condicións ecolóxicas, dominan as zonas boscosas (carballeiras, soutos).

O **clima** é un dos factores máis importantes na formación de solos porque condiciona os procesos de alteración do substrato e da actividade biolóxica. As **precipitacións** subministran auga para esas actividades pero, cando son excesivas, tenden a eliminar por lixiviación os coloides e contribúen a súa acidificación, dando lugar ao coñecido proceso de "podzolización" que lles fai perder a súa capacidade agronómica. A **temperatura** controla a actividade química e bacteriana, incrementándose ao subir e reducíndose ao baixar aquela.

A primeira clasificación de solos, aplicable de forma imprecisa a esta zona, foi a elaborada en 1964 polo Ministerio de Agricultura no "Mapa de Suelos de la Provincia de Pontevedra" a escala 1/400.000. O Monumento Natural e a súa zona de ampliación quedaba dentro da zona de "*terras pardas podsolicas* ou *solos gris-pardos podsolicos*", nas que se diferencia un nivel superior ata 15 cm de profundidade, de cor pardo castaño avermellado, cun ph 5,5 e unha cantidade elevada de materia orgánica (8%-10%). O nivel inferior entre 15-30 cm, presenta bastante pedregosidade e unha cor parda castaña avermellada. Segundo a referida clasificación aséntanse sobre xistos básicos.

Posteriormente, noutra clasificación realizada polo Centro de Edafoloxía e Fisioloxía



## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

Vexetal de Santiago de Compostela do C.S.I.C (1986), recollida no “*Mapa de Suelos de la Provincia de Pontevedra*” a escala 1/200.000, na zona abarcada polo entorno do Monumento aparecen dous tipos de solos a “*Terra parda eutrófica*”, que se desenvolve sobre xistos básicos e anfibolitas e o “*Ranker pardo*”, formado sobre xistos arxilosos. As *terras pardas eutróficas* presentan un horizonte de alteración B producido pola desintegración química dos materiais de partida, con eluviación de sustancias emigradas dos horizontes superiores. A estes solos ácidos correspóndelles unha vexetación formada por extensas carballeiras. O *Ranker pardo*, formado sobre xistos arxilosos, localízase ao Leste do Souto de Quintela (Monumento Natural), coincidindo coa zona da formación das matogueiras e cun perfil AC pouco desenvolvido. Na formación deste solo tiveron moita importancia o arrastres de materia orgánica permitindo unha transición desde as zonas altas cara as baixas, formando unha catena de solos: *protorranker*, *ranker pardo* e *terra parda*.

A clasificación máis recente de solos da Comarca de Deza, baseada no sistema de clasificación de solos da F.A.O e USDA, pero tendo en conta o material de partida, débese a Martínez Cortizas da USC (1988, 1993).

Sobre os **xistos e paraneis da “Unidade de Lalín”** formouse o “*cambisol úmbrico*”, que corresponde a un tipo de solo cun grao de desenvolvemento elevado, debido á gran alteración do rochedo, cos perfís ABC ben formados, que poden sobrepassar o metro de profundidade. Este tipo de solo favorece a expansión das explotacións agrarias, a proliferación de cultivos variados (policultivos) e, sobre todo, o crecemento de especies forestais caducifolias.

Sobre as **rochas básicas (anfibolitas)** aparecen os “*cambisoles úmbricos e ferralicos*” cos horizontes ABC ben desenvolvidos e profundidades efectivas superiores a un metro. Seguindo a pendente das ladeiras nas que se localizan, o seu desenvolvemento pode incrementarse cara o fondo dos vales formando unha “catena” ou secuencia. A propia gravidade e as arroiadas contribúen a este engrosamento dos

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASÓS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

solos cara o fondo do val, onde pode haber, simultaneamente, acumulacións de carácter aluvinar.

Sobre micaxistos da Unidade Basal, localizados ao Leste do Monumento Natural das fragas de Catasós, formáronse os *cambisoles districos húmicos férricos (acrisoles húmicos)* que son solos pouco profundos por estar sobre rochas pouco alteradas. Na parte alta das lombas o seu desenvolvemento é moi escaso, pero nas valgadas e pequenas depresións, pode acadar un maior desenvolvemento presentando un perfil B incipiente ou ben desenvolvido. A vexetación dominante é a uceira-toxeira e, de haber explotación forestal, aparecen os piñeiros.

No conxunto das Fragas de Catasós aprecíase unha notable variación no grosor dos solos cara o fondo do val, por onde circula o rego de Quintela. Aquí intercálanse materiais de aluvión (sedimentos fluviais) recubertos por coluviós (arrastres de ladeira), formando un solo profundo afectado polo nivel de base do regato (nivel freático alto). Estes solos de carácter hidromorfo están encharcados durante o inverno pero no verán, ao descender o nivel freático, permiten o aproveitamento herbáceo. Tradicionalmente foron explotados como prados de "herba verde" unha vez sometidos a regadío "a manta" durante o verán, por medio de presas de conducción de auga do propio rego de Quintela.

## **9.2 Fitoxeografía**

Esta unidade forestal atópase no dominio florístico correspondente á rexión *Eurosiberiana*, provincia *Atlántica Europea*. Dentro do sector *Galaico-portugués*, subsector *Lucense- Miñense*. Cun macroclima morno situado nunha zona de transición hiperoceánica con submediterráneo.

O tipo de bosques climáticos que se corresponden con esta delimitación correspóndense coas denominadas carballeiras do tipo *Vaccinio-Quercetum roboris*, carballeiras asociadas a arandeiras, e tipo *Rusco-Quercetum roboris*. Esta denominación representa ás cabezas de serie de vexetación descritas para esta área bioxeográfica, e que conviven nun espazo de transición marcado pola altura sobre o nivel do mar e orientacións, entre o piso termoclimático colino e montano

Corresponde a anterior caracterización á clasificación clásica proporcionada polo fitoxeografo Rivas Martínez.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

Na actualidade novas revisións tratan de redefinir con máis precisión esta caracterización da composición das unidades de vexetación e coroloxía. Desta revisión a zona de estudo queda encadrada dentro da seguinte xerarquía de unidade bioxeográfica:

### **REINO HOLÁRTICO**

### **REXIÓN EUROSIBERIANA**

### **Subrexión Atlántica-Europea**

### **Provincia Atlántica Europea**

### **Subprovincia Cántabro-Atlántica**

### **Sector Galaico Interior**

### **3.b Subsector Ulloa-Deza**

Fig.13. Esquema da xerarquía bioxeográfica na que se atopa comprendido o Monumento Natural das Fragas de Catasós e a zona proposta de ampliación .Fonte: Fitoxeografía de Galicia (NW Ibérico: análise histórico e nova proposta corolóxica, Recursos Rurais (2008) Vol1 nº 4: 19-50. M.Rodríguez Guitián. P.Ramil-Rego.

A serie de vexetación do **subsector bioxeográfico Ulloa-Deza** comprende as comarcas naturais de Ulloa e Deza, e que se estende tamén cara as bacías do Río Ulla pola marxe da Estrada e Vedra. Trátase dun territorio relativamente afastado do mar que presenta unha topografía dominada pola sucesión de pequena áreas chairas entre as que discorren numerosos regatos escasamente encaixados, agás o río Ulla. As cotas superiores do subsector chegan ata os 800 metros de altitude, mentres que o nivel base non acada os 100 m.

Cunha composición de rochas silíceas básicas e ultrabásicas, sobre os que se forman solos pouco profundos e pedregosos pero cun contido relativamente alto de nutrientes e elevados niveis de elementos tóxicos para moitas especies vexetais (Cd, Ni,Zn) que

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

teñen favorecido a presenza de comunidades de matogueira de *Ulex europaeus* e *Erica scoparia* e, incluso, nalgunhas localizacións a presenza de especies endémicas.

Trátase dunha zona cun macroclima temperado submediterráneo no que se observa certa tendencia á seca estival, e pola súa distancia ao mar con certa continentalidade. Atópase Casas Vellas a unha altura superior aos 400 metros representada por un ombrotipo de húmido a hiperhúmido inferior.

Nas zonas máis termofilas medran as carballeiras ben con sobreiras e loureiro, xunto con bosques fluviais. Pero na zona de estudo, máis alta, predomina as de maior afinidade coa presenza de carballeiras termotempladas con castiñeiro e bidueiros.

### 9.2.1 Hábitats protexidos conforme á Directiva 92/43/CEE

Tendo en consideración os aspectos abordados no apartado anterior, e trasladadas as series de vexetación bioxeográfica á terminoloxía empregada para a definición dos hábitats protexidos comprendidos na Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, atopámonos que as carballeiras de transición entre *Vaccinio-Quercetum roboris* e *Rusco-Quercetum roboris* correspóndense cos seguintes hábitats:

- **Código Hábitat de Interese Comunitario 9230, Bosques galaico-portugueses con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*:**

- *Rusco aculeati-Quercetum roboris* BR.-Bl., P. Silba&Rozeira 1956

- *Vaccinio myrtilli-Quercetum roboris* P. Silba, Rozeira & 1950

- **Código 9260 Bosques de *Castanea sativa***

- **Código Hábitat 91 EO, Bosques de galería de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padionm Alnion incanae*, *Salicion albae*)**

### **9.2.2 Bosques galaico-portugueses con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* ( Código 9230)**

Representa a maior superficie forestal deste espazo, mantendo unha continuidade dende *Zarra da Costa*, *Casas Vellas*, *Pedrosas*, sebes do prado de *Cardiego*, dende onde é substituído por prados e veigas do rego de Quintela ata o Monumento das Fragas de Catasós, continuando co Monte de Penelas, As Pereiras, Portocelo.

Este tipo de carballeiras non soen ter unha ampla variedade de especies arbóreas, cun estrato predominantemente monoespecífico que pode vir acompañado de capudres (*Sorbus*), acibros (*Ilex aquifolium*), *Fraxinus excelsior*, *Frangula alnus*, *Pyrus pyraeaster*.

No estrato arbustivo destacan o estripeiro *Crataegus monogyna*, con roseiras bravas (*Rosa sempervirens*) e madresevas (*Lonicera periclymenum*).

Sobre o piso aparecen dispersas herbáceas do tipo *Geum sylvaticum*, *Poa pratensis*, e presenza de xestas e codesos do tipo *Genista*, *Cytisus*, *Adenocarpus*.

O matorral de substitución está representado pola presenza de matogueira (*Erica* sp).

### **9.2.3 Bosques de *Castanea sativa* Código 9260**

Dominan dentro de toda a superficie forestal unidades ben diferenciadas de soutos nos que domina o castiñeiro (*Castanea sativa*) procedente de plantacións antigas e con rexeneración natural ou seminatural, tanto de castiñeiro como da vexetación característica. Destacan principalmente as formacións case uniformes de *Casas Vellas*, e os que medran no entorno da *Pena de Frade*, *Peniza*, e *Cirdeiras*, nas proximidades do núcleo de Catasós, e a de Portocelo (Quiroga).

Os soutos habitualmente son formacións procedentes de cultivo, que soen ocupar o espazo correspondente a especies do xénero *Quercus* de apetencias climáticas semellantes. Moitos destes bosques acadan unha estrutura madura, caso de Casas Vellas e Antuín. Neste tipo de estruturas crease bosques de ambiente frondoso e sombrío. No seu interior destaca a acumulación de follaxe que cobre o solo e a escaseza de vexetación no sotobosque. A flora asociada é común á presente nas carballeiras galaico portuguesas.

#### **9.2.4 Bosques de galería de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (Alno-Padionm *Alnion incanae*, *Salicion albae*) Código Hábitat 91 EO**

Esta formación queda reducida á continuidade que forma o río de Quintela, que actúa coma un corredor fluvial permitindo a conectividade ecolóxica inmediata de todo o conxunto do espazo forestal, dende Casas Vellas ata o Monumento das Fragas de Catasós. Abrangue os lugares *Penas do Muíño* (próximo a Casas Vellas), *Prados*, *Pedrosas*, *Couto de Alegredo*, *Freixo*, *Portocobas*, ata a súa unión co treito do río dentro do Monumento das Fragas de Catasós, e río arriba na zona de As Pereiras e Portocelo.

No aspecto da conectividade ecolóxica é onde redunda o maior interese desta formación.

Nos bosques de ribeira sobresa a presenza de ameneiros (*Alnus glutinosa*) e freixos (*Fraxinus angustifolia*) que se sitúan na primeira liña respecto do río, solos polo xeral moi húmidos e/ou enchoupados e influídos polas crecidas periódicas. Trátase de bosques pechados e sombra. A falta de luz limita a presenza de elementos leñosos, aínda que nas máis abertas pode observarse freixos (*F.angustifolia*), estripeiros (*Crataegus monogyna*), sabugueiro (*Sambucus nigra*), salgueiros (*Salix salvifolia*; *Salix atrocinera*). O estrato herbáceo soe levar especies coma oucas (*Ranunculus ficaria*), malvelas (*Glechoma hederácea*), pé de boi (*Oenanthe crocata*), *Carex laevigata*.

Estes ameneirais soen levar de forma habitual freixos, bidueiros (*Betula pubescens*), abruñeiros (*Prunus spinosa*), pereira brava (*Pyrus cordata*); e especies herbáceas coma *Senecio nemorensis*, *Valeriana sp*, *Anemone nemorosa*. Así coma unha boa representación de fentos que atopan nestes lugares os seus mellores refuxios, caso do dentabré (*Osmunda regalis*), fento das pedras (*Polypodium vulgare*), fento femia (*Athyrium filix-femia*), fento macho (*Dryopteris filis-mas*).



### **9.3 Inventario potencial de flora.**

Procedeuse á elaboración dun inventario de especies de flora que potencialmente poden estar presentes dentro do espazo, en base ás características ambientais e biolóxicas do lugar, e as necesidades de requirimento de cada unha das especies. O inventario faise tras revisión bibliográfica de cada unha das especies, principalmente a partir da Guía de Plantas de Galicia ( Xerais, 2008. Autor Xosé Ramón García) . Outras fontes consultadas foron a base de datos de xeoreferenciación Global Biodiversity Information Facility in Spain (<http://www.gbif.es/index.php>), o Atlas y Libro Rojo de la Flora Vasculare Amenazada de España (Magrama).. A base de datos Anthos ( [Fundación Biodiversidad](#), pertencente ao Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, e o [Real Jardín Botánico](#) ([Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas](#):<http://www.anthos.es/>).

En total menciónanse para este espazo a posible presenza de 470 especies. De todas elas cabe destacar a presenza da especie *Narcissu cyclamineus*, rexistrada dentro do espazo, e declarada coma especie ameazada Vulnerable no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

#### **Inventario de flora.**

---

<i>Isoetes histrix</i> Bory	
<i>Equisetum telmateia</i>	Rabo de Cabalo
<i>Equisetum arvense</i>	Rabo de Cabalo
<i>Ophioglossum vulgatum</i>	
<i>Osmunda regalis</i>	Dentabrú
<i>Polypodium vulagre</i>	Fento das pedras

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

<i>Adiantum capillus-veneris</i>	
<i>Pteridium aquilinum</i>	Fento
<i>Asplenium trichomanes</i> L.	Fento das boticas
<i>Asplenium onopteris</i> F.	
<i>Asplenium adiantum nigrum</i> L.	
<i>Phyllitis scolopendrium</i> (L)	
<i>Athyrium filix-femina</i> .	Fento femia.
<i>Dryopteris affinis</i> (Lowe)	
<i>Dryopteris dilatata</i>	
<i>Polystichum setiferum</i>	
<i>Blechnum spicant</i>	Fenta
<i>Pinus pinaster</i>	Piñeiro bravo
<i>Pinus radiata</i>	Piñeiro de repoboación
<i>Pinus pinea</i>	Pino manso
<b>Anxiospermas</b>	
<i>Laurus nobilis</i>	Loureiro
<i>Nymphaea alba</i> L.	Ambroiño de río
<i>Caltha palustris</i> .	Herba centella
<i>Anemone nemorosa</i> L.	
<i>Anemone trifolia</i> L.	
<i>Calendula arvensis</i>	
<i>Ranunculus omiophyllus</i>	Ouca

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

<i>Ranunculus ficaria</i>	Herba das almorrás
<i>Ranunculus muricatus</i>	
<i>Ranunculus flammula</i>	Bugallín
<i>Ranunculus repens</i>	Herba de ouro
<i>Ranunculus bulbosus</i>	
<i>Ranunculus parviflorus</i> L	
<i>Ranunculus penicillatus</i>	
<i>Ranunculus trilobus</i>	
<i>Ranunculus nigrescens</i>	
<i>Aquilegia vulgaris</i> L	Paxariños, herba dos pitos
<i>Thalectrum minus</i>	
<i>Papaver rhoeas</i>	Mapoula
<i>Papaver dubium</i>	
<i>Chelidonium majus</i>	Celidonia, ceruda
<i>Ceratocarpus claviculata</i> (L)	
<i>Fumaria capreolata</i>	Matafogo
<i>Fumaria muralis</i>	Pé de Galiña
<i>Castanea sativa</i>	Castiñeiro
<i>Quercus suber</i>	Sobreira
<i>Quercus robur</i>	Carballo
<i>Quercus pirenaica</i>	Cerquiño
<i>Betula pubescens</i>	Bidueiro

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

<i>Alnus glutinosa</i>	Ameneiro
<i>Corylus avellana</i>	Abelaneira
<i>Sambucus nigra</i>	Sabugueiro
<i>Corrigiola litoralis</i> L	
<i>Paronychia argétea</i>	Herba lista
<i>Herniaria glabra</i>	
<i>Herniaria scabrida</i>	
<i>Herniaria lusitánica</i>	
<i>Illecebrum verticillatum</i>	Fálago
<i>Scleranthus annus</i>	
<i>Spergula arvensis</i>	Esparcela
<i>Spergula morisonnie</i>	Esparcela
<i>Stellaria media</i> ,	Herba paxareira
<i>Stellaria alsine</i>	
<i>Stellaria gramínea</i>	
<i>Stellaria holostea</i>	
<i>Cerastium fontanum</i>	
<i>Cerastium glomeratum</i>	
<i>Cerastium pumilum</i>	
<i>Sagina apetala</i>	
<i>Sagina procumbens</i>	
<i>Sagina subulata</i>	

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

<i>Lychins flos-cuculi</i>	Flor do cuco
<i>Silene gallica</i>	
<i>Silene laeta</i>	
<i>Silene dioica</i>	
<i>Silene latifolia</i>	Cabaciñas
<i>Silene vulgaris</i>	
<i>Saponaria officinalis</i>	Bataneira, xabroneira
<i>Portulaca oleracea</i>	Baldroaga
<i>Montia fontana</i>	
<i>Chenopodium murale</i>	Farnelos
<i>Chenopodium album</i>	Farnelos
<i>Amaranthus hybridus</i>	
<i>Amaranthus powelli</i>	
<i>Amaranthus deflexus</i>	
<i>Polygonum aviculare</i>	Cordela, pé de paxaro
<i>Polygonum rurivagum</i>	
<i>Polygonum arenastrum</i>	
<i>Polygonum hydropiper</i>	Pimentela, pementa de auga.
<i>Polygonum saelecifolium</i>	Herba pulgueira
<i>Polygonum persicaria</i>	Herba pulgueira
<i>Polygonum lapathifolium</i>	Herba pulgueira
<i>Rumex acetosella</i>	Acedas

**CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---

<i>Rumex crispus</i>	Labaza
<i>Rumex conglomeratus</i>	Labaza
<i>Rumex pulcher</i>	Labaza
<i>Rumex obtusifolius</i>	Lampazo
<i>Hypericum androsaemum</i>	Abelao, alfavaca da cobra
<i>Hypericum perforatum</i>	Herba das feridas
<i>Hypericum undulatum</i>	Herba das feridas
<i>Hypericum humifusum</i>	
<i>Hypericum pulchrum</i>	Herba das feridas
<i>Hypericum elodes</i>	
<i>Malva tournefortiana</i>	Malva
<i>Malva neglecta M</i>	Malva
<i>Malva parviflora</i>	
<i>Alcea rosea</i>	<i>Malva real</i>
<i>Lavatera cretica</i>	
<i>Urtica dioica</i>	Estruga
<i>Urtica urens</i>	Estruga
<i>Paretaria judaica</i>	Herba das paredes
<i>Soleirolia soleirollii</i>	
<i>Viola riviniana</i>	
<i>Viola palustris</i>	
<i>Cistus psilosepalus</i>	Carpaza

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

<i>Cistus salvifolius</i>	Carpaza
<i>Tuberaria lignosa</i>	Loitosiña
<i>Tuberaria guttata</i>	
<i>Helianthemum nummularium</i>	
<i>Bryonia dioica</i>	Nabo caiño, saltasebes
<i>Salix atrocinera</i>	Salgueiro
<i>Salix salviifolia</i>	Salgueiro
<i>Sisymbrium officinale</i>	Saramago
<i>Alliaria petiolata</i>	Herba alleira
<i>Arabidopsis thaliana</i>	
<i>Erysimum linifolium</i>	
<i>Rorippa stylosa</i>	
<i>Rorippa nasturtium-aquaticum</i>	Agrón
<i>Cardamine pratensis</i>	Agrón de prado
<i>Cardamine hirsute</i>	
<i>Draba muralis</i>	
<i>Erophila verna</i>	
<i>Capsella bursa-pastoris</i>	Herba dos dentes
<i>Teesdalia nudicaulis</i>	
<i>Lepidium heterophyllum</i>	
<i>Brassica oleracea</i>	
<i>Brassica nigra</i>	Mostaza negra

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

<i>Brassica rapa</i>	Nabo galego
<i>Sinapsis arvensis</i>	
<i>Raphanus raphanistrum</i>	Saramago
<i>Reseda media</i>	
<i>Sesamoides suffruticosa</i>	
<i>Erica ciliaris</i>	Carrasco, queiruga
<i>Erica cinerea</i>	Carrasco, queiruga.
<i>Erica australis,</i>	Urce
<i>Erica umbellata</i>	Cararsco, queiruga
<i>Erica arborea</i>	Uz
<i>Calluna vulgaris</i>	
<i>Daboecia cantábrica</i>	
<i>Arbutus unedo</i>	Érbedo
<i>Vaccinium myrtillus</i>	Herba dos arandos
<i>Primula acaulis</i>	Cáncaro
<i>Lysimachia nemorum</i>	
<i>Anagallis tenella</i>	Herba da rabia
<i>Anagallis arvensis</i>	Herba do garrotillo
<i>Anagallis foemina</i>	
<i>Samolus valerandi</i>	
<i>Umbilicus rupestris</i>	Couselos, capelo
<i>Sedum anglicum</i>	Pan de lagartos



## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

<i>Sedum hirsutum</i>	Pan de lagartos
<i>Sedum forsterianum</i>	
<i>Saxifraga spathularis</i>	
<i>Saxifraga granulata</i>	
<i>Scorzonera humilis</i>	
<i>Parnassia palustris</i>	
<i>Rubus ulmifolius</i>	Silveira
<i>Filipendula ulmaria</i>	
<i>Geum sylvaticum</i>	
<i>Geum urbanum</i>	
<i>Fragaria vesca</i>	Moroteira, Morangueira
<i>Potentilla erecta</i>	Solda brava
<i>Potentilla reptans</i>	Solda brava
<i>Potentilla sterilis</i>	
<i>Rosa sempervirens</i>	Roseira
<i>Rosa stylosa</i>	Roseira
<i>Rosa canina</i>	Silva macho
<i>Rosa pouzinii</i>	Silva macho
<i>Agrimonia eupatoria</i>	Amores pequenos
<i>Crataegus monogyna</i>	Estripeiro, Escambrón
<i>Pyrus cordata</i>	Pereira brava
<i>Pyrus communis</i>	

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

<i>Prunus spinosa</i>	Abruñeiro
<i>Prunus avium</i>	Cerdeira
<i>Acacia melanoxylon</i>	Pau de espiño
<i>Acacia dealbata</i>	Mimosa
<i>Genista florida</i>	Xesta branca
<i>Genista anglica</i>	
<i>Genista triacanthos</i>	
<i>Glandora diffusa</i>	
<i>Glandora prostrata</i>	
**Fig.26. Distribución das poboacións de *Cerambyx cerdo* en Galicia. Na primeira imaxe localizacións onde se cita poboacións coñecidas da especie (en vermello situación das Fragas de Catasós, con respecto ao resto de poboacións; Información procedente da base de datos da Global Biodiversity Information Facility in Spain (mapa 1: <http://www.gbif.es/index.php>). Na segunda imaxe, mapa da Rede Natura 2000 para os que se cita a presenza da especie: Mencionada para os ZEC Serra do Candán e no Zec Sobreiral do Arnego ( fonte: Bases ecológicas preliminares para la conservación de las especies de interés comunitario en España: invertebrados. MAGRAMA)**

Considerase a especie para este espazo coma de presenza posible. A información sobre a especie en Galicia é escasa. Polas características de hábitat, con formacións maduras de soutos e carballeira, e tendo en conta os requerimentos da especie, cualifícase que resulta agardable a súa presenza. Os especialistas na especie manifestan que o número de localizacións ten que ser maior.

A presenza de formacións maduras de vexetación con predominio de soutos e soutos mixtos con carballos en estadios maduros, con exemplares centenarios, así como unha actividade de manexo forestal de baixa a moderada intensidade, fai que neste entorno sexa agardable a presenza da especie se temos en conta a súa querencia por este tipo de medios. Recoméndase entre as medidas de conservación que se desenvolvan no Monumento e a súa zona de ampliación realizar estacións de mostraxe para confirmar a súa presenza/ausencia.

Entre os factores de ameaza cítase os tratamentos forestais de alta intensidade, coma cortas a oito, cortas de exemplares centenarios, retirada das árbores vellas ou mortas, substitución de especies forestais e repoboacións en monocultivo, e sobre todo as fumigacións que poden comprometer gravemente a estabilidade da especie.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

### **Accións de xestión:**

A súa conservación pasa pola realización de estudos sobre a súa bioloxía, a súa distribución local, e estima de abundancia e tendencia poboacional, así como por unha adecuada vixianza das prácticas de manexo forestal, en especial, nos soutos e carballeiras con exemplares máis vellos. A retirada de árbores mortas e enfermas previamente deberá ser avaliada en función dos datos poboacionais que se teñan da especie dentro deste espazo.



### 9.11.5 Ra Vermella *Rana temporaria* & Ra patilonga *Rana iberica*

**Nome orixinal:** *Rana temporaria* Linnaeus, 1758

*Rana iberica* Boulenger, 1879

**Categoría:**

- *Rana temporaria* Especies animais e vexetais de interese comunitario para cuxa recollida na natureza e cuxa explotación pode ser obxecto de medidas de xestión (Anexo V).
- *Rana iberica* Especies que requiren protección estricta (Anexo IV).

**Referencia legal:** Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992 relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

**Referencia legal:** Ámbalas dúas especies incluídas coma Vulnerable (VU) : Decreto 88/2007, de 19 de abril polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas.


Estas dúas especies moi próximas que conviven da maneira simpátrica solapándose no mesmo territorio.

*Rana temporaria:*

A ra vermella presente en Galicia pertence a unha subespecie endémica do noroeste ibérico, a *Rana temporaria parvipalmata* Seoane, 1885.

Distribúese principalmente polo norte de Galicia, dende o nivel do mar ata a montaña. Habita zonas de matorral e bosques, así como herbazais húmidos. Pero moito menos ligada á auga que as outras especies de ras. Realiza a cría principalmente en zonas de brañas e charcas, aínda que tamén freza en charcas invernaís en herbazais, desmontes, gabias. En todas estas zonas selecciona charcas someras de pouca profundidade, de carácter temporal, que en ocasións son de moi pouca identidade.

**CONSIDERACIÓN DO DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**



**Fig.27. Distribución da poboación de *Rana temporaria* en Galicia. Na primeira imaxe localizacións onde se cita poboacións coñecidas da especie (en vermello situación do Monumento Natural con respecto ao resto de poboacións (Información procedente da base de datos da Global Biodiversity Information Facility in Spain <http://www.gbif.es/index.php>). Na segunda imaxe datos do Atlas y Libro Rojo de los Anfibios y Reptiles de España, [http://www.magrama.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/anfibios\\_29\\_tcm7-21381.pdf](http://www.magrama.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/anfibios_29_tcm7-21381.pdf)**

Presenta unha actividade xeralmente nocturna. Fóra do período reproductor presentan hábitos bastante terrestres e, aínda que poden observarse nas marxes máis sombrías de pequenos cursos de auga ou próximos a brañas, é frecuente que migre cara hábitats terrestres como zonas de matogueira, forestais. Para o desove emprega grande variedade de biotopos acuáticos naturais, tales como charcas (temporais ou permanentes) e remansos de regatos con corrente débil. Tamén recipientes artificiais, coma abrevadeiros de gando, fontes, gabias ou canles con pouca corrente.

*Rana iberica*

A ra patilonga é un endemismo da Península Ibérica que en Galicia é relativamente abundante, practicamente presente por todo o país. Trátase da ra parda máis ligada á auga de tódalas especies da Península Ibérica.

## CONSIDERACIÓN DO DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL




Fig.28. Distribución da poboación de *Rana iberica* en Galicia (en vermello situación do Monumento Natural con respecto ao resto de poboacións). Información procedente da base de datos da Global Biodiversity Information Facility in Spain (mapa 1: <http://www.gbif.es/index.php>).

Vive principalmente en pequenos regatos e regos de augas rápidas e temperatura baixa, non contaminadas, con abundante vexetación nas súas marxes, en zonas de sombra (principalmente con *Alnus glutinosa*), aínda que tamén ocupa canais de auga e de regadío para os prados e muiños.

Reprodúcese nos mesmos lugares onde vive pero elixindo zonas remansadas ou en charcas marxinais das correntes de auga pouco profundas e con vexetación que ocupa durante todo o ano. Preferentemente nocturna, pero non é difícil observala durante o día.

Considerase que ámbalas especies están presentes como seguras dentro do Monumento Natural e a zona de ampliación proposta. Existen repetidas observacións por todo o espazo, considerándose especies habituais. Toda a corrente fluvial e marxes son hábitats idóneos para a presenza de *Rana iberica* e *Rana temporaria*. Os soutos e carballeiras adxacentes constitúen hábitats axeitados para *Rana temporaria*.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

A presenza de auga en todo o entorno é aproveitada por *Rana iberica* para vivir e a reprodución. Nas formacións de souto maduras, con presenza de auga próxima, é aproveitada pola *Rana temporaria*. Recoméndase entre as medidas de conservación que se desenvolvan manter en bo estado de conservación os puntos de auga e favorecer que sexan permanentes.

### **Ameazas:**

Entre os factores de ameaza cítase a perda de hábitat por destrución de puntos de auga, contaminación por vertidos, destrución da vexetación de ribeira.

#### *Rana temporaria:*

En Galicia ten sufrido importantes declives poboacionais en lugares onde historicamente resultaba abundante. Considerase a situación coma preocupante e a tendencia é a dunha especie con poboacións en franca regresión.

A perda de hábitat parece afectar á especie sobre todo ás zonas de cría en brañas, en herbazais, charcas estacionais. Debido a obras públicas, modificacións do medio, drenaxes de terreos enchoupados para prados, e cambios no uso do solo, e abandono de prácticas agrícolas tradicionais. A desaparición das charcas temporais e puntos de auga teñen un impacto moi grave por que supoñen a eliminación das postas de cría. Outros factores que se apuntan como de ameaza para a especie resultan ser a choiva ácida, que produciría a acidificación da auga das charcas onde se reproducen.

#### *Rana iberica*

Trátase dunha especie sensible ás alteracións producidas nos medios onde vive, detectándose importantes regresións nalgunhas poboacións. Factores como a destrución de habitats, eliminación da cobertura vexetal do tipo talas de bosque de ribeira, e desbroces da vexetación ribereña, ou o excesivo desenvolvemento da vexetación por abandono das labores agrícolas, ou a colmatación das levadas de auga e desaparición de pequenos mananciais, así como a chegada de vertidos, cóntanse entre os principais factores de ameaza. Tamén é un factor de ameaza a introducción de especies exóticas de peixes ou mamíferos, caso do visón americano. Estas ameazas teñen aínda máis risco cando afectan as súas zonas de reprodución.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

### **Medidas de conservación:**

#### *Rana temporaria:*

Resulta fundamental protexer os puntos de reprodución da especie, aqueles que teñen presenza de charcas invernais, brañas, e zonas enhoupadas dos prados. Evitándose a súa desecación ou posibles recheos. Tamén o control de lumes nas zonas de matogueira. A posibilidade de delimitar zonas de charcas e brañas coa que evitar posibles alteracións e a súa destrución resulta fundamental como medida de conservación da especie dentro do Monumento Natural e área de ampliación.

#### *Rana iberica*

Debe contemplarse a protección e mellora dos seus hábitats, especialmente na protección dos regatos e todo tipo de curso de auga presente no entorno, así como o control da contaminación. Calquera tipo de actividade nos cauces, tales como captacións de auga, construcións, deberán ter en conta a presenza desta especie para garantir a estabilidade das súas poboacións. Resulta tamén de vital importancia o mantemento da vexetación de ribeira, evitando tanto a tala da vexetación como a alteración drástica da vexetación herbácea e arbustiva das marxes do río.

### **Accións de xestión:**

A conservación das súas poboacións dentro do espazo pasa pola realización de estudos sobre a súa bioloxía, a súa distribución local, e estima de abundancia e tendencia poboacional, así como por unha adecuada vixianza no mantemento da calidade das augas do río de Quintela e da súa vexetación ripícola, de axeitadas prácticas de manexo forestal, en especial, do soutobosque e do piso dos soutos e carballeiras.

### 9.11.6 Agualeira *Galemys pyrenaicus*.

**Nome orixinal:** *Galemys pyrenaicus* (E. Geoffroy Saint-Hilaire, 1811)

Categoría: Especies animais e vexetais de interese comunitario para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación.(Anexo II).

**Referencia legal:** Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992 relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.


**Referencia legal:** Taxon vulnerable (VU) : Decreto 88/2007, de 19 de abril polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas.

Trátase dun endemismo ibérico, que se distribúe dende a vertente francesa dos Pireneos dende a vertente francesa dos Pireneos ata a metade septentrional de Portugal. É un pequeno mamífero cuxo corpo mide ata 14 cm, ao que hai que engadir a súa longa cola, que mide entre 13 e 15,6 cm. O seu corpo é ancho e aplanado, similar ao dunha rata. É característico o seu fociño alongado, que no seu extremo ten unha prolongación en forma de trompa móbil duns 2 cm que presenta uns orificios nasais dirixidos cara arriba, os cales poden ser ocluídos. Esta trompa é moi sensible grazas a que está provista duns pelos sensibles. Os seus ollos son moi pequenos e non ten orellas, os oídos encóntranse cubertos polo pelo. Posúe unhas patas con 5 dedos cada unha, provistas de fortes uñas e unhas membranas interdixitais a modo de aletas que lle serven para facilitar a natación. As patas traseiras están máis desenvolvidas que as dianteiras. O pelo é espeso e brillante, lixeiramente impermeable, de cor gris escura ou castaña no dorso e cor crema na zona ventral.

Vive en regatos e ríos de fortes correntes con augas oxixenadas e limpas. É un insectívoro que se alimenta de todo tipo de invertebrados acuáticos, pero ocasionalmente tamén pode capturar crustáceos e algúns peixes pequenos. Ten un olfacto e un gusto moi desenvolvidos, e un tacto extraordinario grazas aos peliños da súa trompa, os cales son moi sensibles aos cambios de presión da auga, detectando así obstáculos ou presas a 1 m de distancia.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

Entra en celo entre xaneiro e maio, adiantándose os machos un pouco ás femias. Poden ter lugar 1 ou 2 partos anuais, con 1-5 crías por parto, resgardándose en niños ben protexidos con restos vexetais.



**Fig.29.** Distribución das poboacións de *Galemys pyrenaicus* en Galicia (en vermello situación do Monumento Natural con respecto ao resto de poboacións). Información procedente da base de datos da Global Biodiversity Information Facility in Spain (mapa 1: <http://www.gbif.es/index.php>). Na segunda imaxe datos publicados polo Atlas y Libro Rojo de los Mamíferos Terrestres de España.

Considérase a especie para este espazo coma de presenza probable/segura. Existen citas recentes en regatos próximos (rego de Palmaz, a 4 km, noutra vertente do Deza). Así coma unha cita o ano 1989 no Monumento Fragas Catasos, dun cráneo procedente dunha egagrópila de curuxa. Conf.persoal Ramón Balado). Cítase no ZEC da Serra do Candán e no Zec do Sobreiral do Arnego.

As correntes fluviais con bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* conforman en Galicia o seu principal hábitat. Gosta de bosques riberños con solos húmidos ou enchoupados, pechados e sombríos.Recoméndase entre as medidas de conservación que se desenvolvan realizar estacións de mostraxe para confirmar a súa presenza/ausencia.

### Estado de conservación

As súas principais ameazas son a contaminación dos ríos, a destrución de ribeiras e a construción de encoros. A súa conservación pasa por manter en boas condicións os

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

ríos e ribeiras de montaña, evitando a súa destrución, contaminación, canalizacións e encoramentos. Difícil cuantificar o tamaño poboacional, que experimenta importantes variacións anuais.

### **Accións de xestión:**

A súa conservación pasa pola realización de estudos sobre a súa bioloxía, a súa distribución local, e estima de abundancia e tendencia poboacional, así como por unha adecuada vixianza na calidade das augas e da vexetación de ribeira.



### **9.11.7 Morcego pequeno de ferradura *Rhinolophus hipposideros* & Morcego Grande de Ferradura *Rhinolophus ferrumequinum***

**Nombre orixinal:**

*Rhinolophus hipposideros* (Bechstein, 1800)

*Rhinolophus ferrumequinum* (Schreber, 1774)

Categoría: Especies animais e vexetais de interese comunitario para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación.(Anexo II).

**Referencia legal:** Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992 relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

Ámbalas dúas especies incluídas coma Vulnerable (VU) : Decreto 88/2007, de 19 de abril polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas.

Estas dúas especies conviven da maneira simpátrica solapándose no mesmo territorio.

Morcego pequeno de ferradura *Rhinolophus hipposideros*

É o máis pequeno do seu xénero. As femias adoitan ser maiores que os machos, e poden alcanzar unha envergadura de 220 mm coas ás abertas. O pelo que envolve o corpo é de cor cinza tanto na zona dorsal como central, aínda que esta pode ser un pouco máis clara. Poden chegar a vivir máis de 21 anos.Ten orellas grandes e unha protuberancia nasal estreita en forma de ferradura de cabalo. O pataxio, a membrana que lle permite voar, está unida inferiormente ao nocello. A cor desta membrana e a das orellas é sempre máis escura que o pelo do dorso. Cando está en repouso ou en hibernación envólvese completamente no pataxio.

Conforman colonias integradas na súa maioría por femias e algúns machos. As femias presentan dúas mamas pectorais coas que aleitan a súa cría mentres permanecen colgadas nos seus lugares de repouso.


Unha vez chegados á madurez sexual, os apareamentos suceden ao longo do outono

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

e incluso en inverno. A xestación do novo individuo coincide co inicio da primavera e os nacementos teñen lugar nas primeiras semanas do verán. O desenvolvemento das crías é moi rápido, pois comezan a voar a partir dos 15-20 días de idade.

Esta especie non comparte refuxio con ningunha outra especie en época de cría. No inverno queda patente o seu carácter solitario, incluso cando comparte o refuxio con outros individuos da súa mesma especie, ubícanse a varios metros uns doutros. Trátase dunha especie sedentaria e os refuxios de inverno e verán distan menos de 20 km.

Case todas as poboacións están circunscritas ao suroeste da provincia de Ourense, zonas limítrofes da provincia da Coruña e algunhas poboacións residuais no sur da provincia da Coruña.



**Fig.30.** Distribución da poboación de *Rhinolophus hipposideros* en Galicia. Na primeira imaxe localizacións onde se cita poboacións coñecidas da especie (en vermello situación do Monumento Natural con respecto ao resto de poboacións (Información procedente da base de datos da Global Biodiversity Information Facility in Spain <http://www.gbif.es/index.php>). Na segunda imaxe datos do Atlas dos Morcegos de Galicia ([http://www.morcegosdegalicia.org/mapa\\_especies.php?id\\_info=1&idioma=es&gen=1](http://www.morcegosdegalicia.org/mapa_especies.php?id_info=1&idioma=es&gen=1)).

Ten predilección polas covas e cavernas naturais, aínda que tamén pode utilizar edificacións e minas. É máis abundante en zonas con matogueiras asociadas a pequenas masas forestais, case sempre ligadas a cursos de auga.

Cazan mediante ultrasóns mentres voan. As súas presas máis habituais son dípteros,

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

neurópteros e lepidópteros.

Morcego Grande de Ferradura *Rhinolophus ferrumequinum*

Trátase do morcego máis grande do seu grupo, pois pode medir ata 380 mm de envergadura cando voa coas ás ben abertas. Presenta o corpo cuberto por un pelo denso, de tacto semellante á la, de cor cinza pola zona dorsal, máis claro na parte ventral, ás veces con certos matices amarelos. Resulta característica unha protuberancia nasal en forma de ferradura de cabalo. Ten orellas anchas coas puntas recurvadas.

Unha vez chegados á madurez sexual, os apareamentos suceden ao longo do outono e incluso en inverno. A xestación do novo individuo coincide co inicio da primavera e os nacementos teñen lugar nas primeiras semanas do verán. O desenvolvemento das crías é moi rápido, pois xa comezan a voar a partir dos 15-20 días de idade.

As femias presentan dúas mamas pectorais coas que aleitan a súa cría mentres permanecen colgadas nos seus lugares de repouso. Especie gregaria que forma colonias de ata 900 individuos durante a hibernación, mentres que no período de cría alcanza os 800. Sedentaria que manifesta unha grande fidelidade polos refuxios que reúnen condicións axeitadas para a cría e hibernación. Desprazamentos máximos observados de 180 km.




Fig.31. Distribución da poboación de *Rhinolophus ferrumequinum* en Galicia. Na primeira imaxe localizacións onde se cita poboacións coñecidas da especie (en vermello situación do Monumento Natural con respecto ao resto de poboacións (Información procedente da base de datos da Global Biodiversity Information Facility in Spain <http://www.gbif.es/index.php>). Na segunda imaxe datos do Atlas dos Morcegos de Gali-

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

cia([http://www.morcegosdegalicia.org/mapa\\_especies.php?id\\_info=1&idioma=es&gen=1](http://www.morcegosdegalicia.org/mapa_especies.php?id_info=1&idioma=es&gen=1))

Gústalle especialmente os bosques con espazos abertos. Os refuxios que utiliza son case sempre covas, minas ou túneles durante o inverno para a súa hibernación; na época de actividade prefiren os sobrados, faiados e bodegas. Caza insectos de mediano e gran tamaño, sobre todo bolboretas nocturnas, escaravellos e saltóns, para o que utiliza un sofisticado sistema de ecolocalización por medio de ultrasóns. As áreas de caza atópanse entre 200 e 1000 m de distancia dos seus refuxios, aos que chegan voando moi próximos ao chan. Nestas zonas empregan “perchas” ou pousadeiros nocturnos onde permanecen colgados ata que localizan unha presa sobre a que se abalanzan.

*Rhinolophus hipposideros e Rhinolophus ferrumequinum:*

Considerase que ámbalas especies están presentes como seguras dentro do Monumento Natural e zona de ampliación. Existen varias bocas de minas de auga con galería de entrada que presentan restos de guano. A presenza de bosques abertos resulta propicia para manter poboacións de ámbalas especies.

A conservación de árbores vellas, as construcións abandonadas presentes no entorno, e antigas minas de auga con galería de entrada, resultan estratéxicos dentro do Monumento Natural para a conservación desta especie.

### **Ameazas:**

Moi sensible ás alteracións nas súas zonas de refuxio ou cría, como rehabilitacións de edificios, cierre de minas, etc. Tamén ás interaccións con outras especies que comparten zonas de cría. A desaparición de presas potenciais a causa de deforestacións agresivas e a desecamentos de certos cursos de auga tamén parecen afectar aos efectivos das nosas poboacións residentes.

*Rhinolophus hipposideros.* Entre os factores de ameaza cítase a perda de refuxios por destrución do hábitat, rehabilitación construcións antigas, a degradación dos seus hábitats de caza como as transformacións da paisaxe, cambios de cultivo, transformacións nas redes fluviais, que diminúen a súa dispoñibilidade de presas. O uso de pesticidas e insecticidas agroforestrais poden ser letais para os individuos e incidir direc-

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

tamente na perda e degradación de hábitat de caza.

*Rhinolophus ferrumequinum*. As ameazas máis importantes son a desaparición dos refuxios coloniais e as molestias ocasionadas ás colonias, principalmente nos períodos críticos do seu ciclo anual: hibernación e cría. Ao non ser unha especie estritamente cavernícola, emprega como refuxio construcións humanas, constituíndo a súa rehabilitación inaxeitada ou ruína dos edificios factores de risco. A degradación e perda de hábitat de caza debido á transformación da paisaxe ( deforestación, cambios de cultivo, alteracións cauces fluviais, etc.) e o uso indiscriminado de pesticidas contra a couza da madeira e outros insectos xilófagos.

Ao tratarse dunha especie que amosa un elevado gregarismo e unha lenta taxa de renovación das súas poboacións -as femias non son fértiles ata os 4 ou 5 anos, a súa diminución debido a estes factores é dificilmente recuperable.

### **Medidas de conservación:**

Para ámbalas especies a recomendación é evitar a perda do hábitat natural nas proximidades dos refuxios de cría e de inverno, e a regulación do uso de insecticidas agroforestais.

Debe contemplarse a protección e mellora dos seus hábitats, especialmente na protección das formacións boscosas, a vexetación dos bosques de galería, e o bo estado dos cursos de auga presentes no entorno. Así como o mantemento das galerías das bocas de mina que empregan coma refuxio evitando as súas molestias e restrinxido o acceso a elas coa colocación de reixa ou peches idóneos. Como identificar as antigas construcións, caso dos muiños presentes, e que de procederse a actuacións de restauración ou conservación deberase cumprir cun protocolo polo que se evite molestar a especie nos seus períodos críticos de cría ou refuxio invernal.

Resulta tamén de vital importancia o mantemento da vexetación de ribeira, evitando tanto a tala da vexetación como a alteración drástica da vexetación herbácea e arbustiva das marxes do río.

### **Accións de xestión:**

## **CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---

A conservación das súas poboacións dentro do espazo pasa pola realización de estudos sobre a súa bioloxía, a súa distribución local, e estima de abundancia e tendencia poboacional, así como por unha adecuada vixianza no mantemento da calidade dos seus hábitats forestais. Determinar o uso do souto como refuxio e/ou hábitat de alimentación, así como identificar os elementos que constitúen dentro do souto e carballreira presentes máis propicios para o seu desenvolvemento.

## **10 ACCESOS E POSIBLES GRAVÁMENES EXISTENTES SOBRE O ESPAZO**

---

- Concesións históricas de 4 muíños existentes sobre o río Quintela.
- Paso Liña eléctrica e servidume no souto de Antuín.
- Proxecto da Liña de Alta Tensión (LAT) de 132 KV O Irixo-Lalín de Unión Fenosa Distribución
- Zona de Dominio Público fluvial do rego Quintela.
- Reserva solo industrila no Monte da Cabreira, fóra do espazo de protección.
- Vías de acceso, e N 525.

## 11 DESCRICIÓN SOCIOECONÓMICA DO ENTORNO

### 11.1 Núcleos poboación no entorno do espazo:

A poboación residente nas proximidades do espazo está conformada na actualidade por un total de 407 veciños repartidos en 15 núcleos de poboación.




Fig 32. Núcleos de poboación ao redor do Monumento Natural e a súa zona de ampliación.

Os correspondentes á Parroquia de Catasós: *Antuín, Barrio, Cabreira, Casa Vellas, Catasós, Ceredo, Cobas, Quintela, Celemín.*

Os correspondentes á Parroquia de Moneixas: *Campiño, Coto, Enxame, Moneixas, e Regoufe.*



## 12 ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN QUE RODEAN O ENTORNO DA ÁREA DE AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

A evolución demográfica destes núcleos de poboación vén marcando unha tendencia ao decrecemento nas sucesivas series quinquenais. Así esta poboación sumaba no ano 2000 un total de 524 persoas. No ano 2015 a poboación fica reducida un 22,33 %, pasando a estar constituída por 407 persoas.

Por lugares a evolución da poboación é a que se mostra na seguinte táboa:

<b>EVOLUCIÓN POBOACIÓN NO ENTORNO DO MONUMENTO</b>				
	2000	2005	2010	2015
<b>Antuín</b>	19	19	15	15
<b>Barrio</b>	19	15	16	14
<b>Belelle</b>	88	83	86	76
<b>Cabreira</b>	35	42	43	38
<b>Casas Vellas</b>	3	3	2	2
<b>Catasos</b>	63	65	63	49
<b>Cerrodo</b>	30	30	26	23
<b>Celemín</b>	25	23	24	15
<b>Cobas</b>	64	53	42	36
<b>Quintela</b>	56	55	52	40
<b>Campiño</b>	11	12	9	6
<b>Coto</b>	32	37	29	15
<b>Enxame</b>	26	29	30	29
<b>Moneixas</b>	21	22	27	22
<b>Regoufe</b>	32	30	26	27
<b>total</b>	<b>524</b>	<b>518</b>	<b>490</b>	<b>407</b>

Fig.33. Número de habitantes en cada un dos núcleos situados ao redor do espazo proposto coma Monumento Natural das Fragas de Catasós ampliado.

## **13    NORMATIVA URBANÍSTICA DO SOLO**

---

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, inclúe a figura do Monumento Natural, no seu artigo 9, como unha das categorías de espazos naturais protexidos.

O artigo 13 define que os monumentos naturais son espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza que merecen ser obxecto dunha protección especial.

Considéranse tamén monumentos naturais as formacións xeolóxicas e os demais elementos da xea, así como os xacementos paleontolóxicos, que reúnan un interese especial pola singularidade ou importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos.

Nos monumentos naturais só se admitirán os usos ou as actividades que non poñan en perigo a conservación dos valores que motivaron a súa declaración.

Os Monumentos Naturais formarán parte da Rede Galega de Espazos Naturais, conforme ao disposto no artigo 10

A iniciativa e tramitación para a declaración dun Monumento Natural correspóndelle á Consellería de Medio Ambiente.

Unha vez declarados deberase aprobar nun prazo non superior de 2 anos un Plan de Conservación, conforme ao disposto no artigo 23.3 da lei e no 37.2.

O Monumento Natural será declarado por Decreto da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Medio Ambiente.

O artigo 37 da Lei/9/2001, do 21 de agosto, dispón que os Plans de Conservación establecerán o réxime de usos e actividades permisibles, así como as limitacións que se consideren necesarias para a conservación do espazo. E os artigos, 38 da mesma lei establecen que estes Plans de Conservación serán vinculantes e prevalecerán sobre o planeamento urbanístico e a súa aprobación levará aparellada a revisión dos plans territoriais ou sectoriais incompatibles con eles.

Con carácter xeral e sen prexuízo do tipo de fórmula de xestión empregada permitiranse tódolos usos e actuacións que tradicionalmente viñeron efectuándose no

## **CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---

espazo e que deron lugar ao estado actual do mesmo que motiva a súa declaración coma espazo natural.

A Consellería de Medio Ambiente será responsable da xestión dos Monumentos Naturais.

### **13.1 Normativa urbanística:**

No ámbito proposto debe considerarse a clasificación do solo contemplada no Plan de Ordenación Municipal. O Concello de Lalín dispón dun Plan de Ordenación Municipal (PXOUM), que foi aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión extraordinaria celebrada eb data de 5 de febreiro de 1.999, publicándose dito acordo no Diario Oficial de Galicia nº 33 de 18 de febreiro de 1.999.

Segundo figura nos planos do PXOU o ámbito para o que se propón a ampliación do Monumento Natural conta coa seguinte delimitación e ou réxime de solo:

#### **TIPO DE SOLO: Rústico de Protección (SR-P):**

**SR-P-2 AREAS DE INTERESE PAISAXÍSTICO:**


**SR-P-3 CAUCES E RIBEIRAS:**

**SR P-1 FORESTAL**

**SR C-1PRADOS CULTIVOS E MATOGUEIRA:**

**SR C-2 AREA DE ARBORADO DISPERSO**

**CONSIDERACIÓN DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**



**Fig. 34. Detalle da cartografía do PXOU de Lalín para a zona de estudo. Tódalos terreos comprendidas dentro do espazo están clasificados na actualidade coma Solos Rústicos de Especial Protección.**

A LEI 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece no seu artigo 31.1.a) e no 34 cales son aqueles terreos que se clasifican como Solos Rústicos de Especial Protección, como aqueles terreos afectados polas lexislacións sectoriais de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas ou polas de protección dos valores agrícolas, gandeiros forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais.

O Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais, é o constituído polos terreos sometidos a algún réxime de protección por aplicación da lexislación de conservación da natureza ou da lexislación reguladora dos espazos naturais, a flora e a fauna.

Coa declaración dunha ampliación do Monumento Natural deberase aprobar, no prazo máximo de 2 anos, o Plan de Conservación. Unha vez aprobada a ampliación do Monumento, o réxime do SÓLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS tamén será de aplicación a todo o ámbito, de acordo co artigo 32.2.f) r 32.2 da LOUG.

## **14 USOS E APROVEITAMENTOS DOS RECURSOS NATURAIS DO ESPAZO ASÍ COMO DAS ÁREAS CIRCUNDANTES**

---

### Usos e aproveitamentos dos recursos naturais do espazo e o seu entorno:

Dentro da zona de proposta de ampliación do monumento:

Todo o espazo comprendido dentro das superficies que conforman a ampliación do Monumento caracterízase por ter unha marcada vocación agroforestal, no que predominan os usos e aproveitamentos forestais de masas autóctonas principalmente destinado a leña, e onde é destacable a presenza de varios soutos destinados á produción de castaña. O aproveitamento madeirable é residual, reducido a unha repoboación de piñeiro (*Pinus radiata*).

O conxunto do Monumento e da súa zona de ampliación presenta un mosaico forestal con prados e e veigas de sega intercalados reducido, ocupando ao redor dun 12,9% do total do espazo.. Os prados de sega están destinados ao vacún das explotacións próximas.

Dentro do espazo non existen explotacións agropecuarias.

Non existen edificacións dentro do espazo.

Dentro das edificacións tradicionais mencionar a presenza de 4 muíños en estado de ruína e/ou mal estado de conservación.

Dentro do espazo non existe actividade industrial.

As marxes do río de Quintela están ocupadas por un corredor de bosque de galería, sen aproveitamento, en zona de protección de cauces. A zona de servidume e a zona de policía terase en conta á hora de planificar calquera actuación no espazo, de acordo coa Lei de augas. Calquera actuación nas marxes, ribeira e cauce, así como calquera tipo de vertido, requirirá a autorización da Administración hidráulica.

Existe un colector de depuración nas marxes do río, no lugar de Gate.

### Usos e aproveitamentos no entorno:

Principalmente os relacionados con actividades agropecuarias, con presenza de varias explotacións de vacún. No entorno increméntase a superficie de solo destinada a prados e cultivos.

## **CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---

No entorno inmediata ao espazo non se rexistra actividade industrial. Nas previsións de planificación territorial existe un proxecto de desenvolver un parque industrial a unha distancia de 1,5 km do límite do espazo.

Entre as infraestruturas presentes destacar a presenza da N-525 que limita pola zona leste do espazo e corta a unión entre o Monumento das Fragas de Catasós e o conxunto forestal de Casas Vellas e Agro de Antuín, de Gate e de Regadoira. Xunto coa proximidade, a 1 km, pola parte sur, coa autoestada AP-53 Santiago-Ourense.

### **SR-P-2 AREAS DE INTERESE PAISAXÍSTICO:**

Abarca o espazo que hoxe en día está declarado coma Monumento Natural das Fragas de Catasos, e os bosques cara a zona oeste de Penelas, A Pereira e Portocelo.

### **SR-P-3 CAUCES E RIBEIRAS:**

Engloba a corrente de auga e ámbalas marxes do río de Quintela.

### **SR P-1 FORESTAL**

Ocupa a maior parte da superficie que se propón para a zona de ampliación da parte leste, no denominada Monte de Porto de Cobas. Xunto coa parte oeste, conformada polo Monte das Penelas, A Pereira e Portocelo. Constituído por masas forestais de carballeiras e soutos en estadios maduros.

### **SR C-1 PRADOS CULTIVOS E MATOGUEIRA:**

Ocupando parte do entorno inmediato a Casas Vellas, e Agro de Antuín e de Gate, tratándose na maioría de prados de sega en mosaico.

### **SR C-2 AREA DE ARBORADO DISPERSO**

Ocupa case toda a parte comprendida na vertente do monte que se dispón dende a liña da N-525 e o río de Quintela. Maioritariamente domina carballeira e souto mixto.

### Actividades que se prevé poidan desenvolverse.

As propias previstas para os solos clasificados coma Solo Rústico de Especial Protección. Na actualidade todo o espazo a propoñer coma ampliación xa está afectado baixo a protección prevista do PXOU esta figura.

A aprobación de ampliación do Monumento Natural non comportará efectos urbanísticos, pois a zona manterá a clasificación de Solo Rústico de Especial Protección, coma Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais, e coma Área de

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

Interese Paisaxística.

### Consideración sobre o solo rústico de especial protección.

Ao abeiro do artigo 34 da LEI 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Solo Rústico de Especial Protección son aqueles terreos afectados polas lexislacións sectoriais de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas ou polas de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais.

Usos e actividades autorizados en solo rústico conforme ao disposto no artigo 33 da mesma lei:

1. Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

a) *Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, socalcos, desmontes e recheos.*

b) *Muros de contención, así como valado de predios.*

c) *Actividades de lecer, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.*

d) *Campamentos de turismo e instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.*

e) *Actividades científicas, escolares e divulgativas.*

f) *Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.*

g) *Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.*

h) *Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.*

i) *Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así como as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.*

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

- j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.*
- k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficios e pirotecnias.*
- l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como as estacións de servizo.*
- m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.*
- n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.*
- ñ) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa coa natureza, extensión e destino do predio ou explotación do recurso natural.*
- o) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se localicen.*
- p) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.*
- q) Outros usos análogos que se determinen regulamentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e esta lei.*

*2. Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.*

*Réxime de usos. Conforme ao disposto no artigo 36, os seguintes:*

- 1. Os usos e actividades relacionados no artigo anterior son admisibles en calquera categoría de solo rústico, sen prexuízo do disposto nos instrumentos de ordenación do territorio e, se é o caso, logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.*
- 2. En todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos en que esta sexa preceptiva segundo o disposto no número seguinte.*



## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

3. Os usos previstos nas letras n) e ñ) do artigo anterior deberán ser obxecto da autorización da persoa titular do órgano autonómico competente en materia de urbanismo con anterioridade á obtención do título habilitante municipal.
4. Os usos previstos nas letras o) e p) do artigo anterior requirirán a aprobación dun plan especial de infraestruturas e dotacións, agás que a actuación poida encadrarse no disposto no artigo 40 para as edificacións existentes de carácter tradicional. No caso de se implantar en solo rústico especialmente protexido, será preciso obter a autorización ou o informe favorable do órgano sectorial correspondente.
5. Así mesmo, poderán implantarse en solo rústico aqueles usos previstos nos instrumentos de ordenación do territorio, logo da obtención do título municipal habilitante e sen necesidade de autorización urbanística autonómica.

**CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS  
DE CATAOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---

**15 PROPOSTA DE PLAN DE CONSERVACIÓN:**

---

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

### **15.1 Medidas e recomendacións a aplicar para o espazo resultante da ampliación do Monumento Natural.**

Unha vez caracterizado e identificado os valores deste espazo natural, e os elementos que requiren maior atención de xestión, resulta preciso deseñar as bases de planificación a efectos de desenvolver a ampliación do Monumento Natural.

Acábase de presentar a consulta pública o documento preliminar de Plan de Conservación do Monumento Natural.

**A finalidade das recomendacións que agora presentamos vai no sentido de entender que o actual Monumento Natural, dado a súa baixa superficie, fica illado do resto da masa forestal na que está integrada, polo que calquera medida de conservación que se restrinxa únicamente ao propio espazo, sen considerar un tratamento conxunto da masa circundante, nomeadamente os referidos á posta en marcha de medidas en silvicultura preventivas e correctivas, non resultaría suficiente, nin aportaría as garantías, para controlar un bo estado, saúde e coidado das árbores máis valiosas fronte á de entrada de pragas. Co consecuente potencial de riscos que se propicia: dende debilitamento das árbores ocasionado a súa predisposición a outras problemáticas; ou entrada de infeccións graves que directamente poderían secar as árbores. Así coma outras problemáticas, coma o risco de lumes que pode sufrir o espazo, redución niveis freáticos por captacións augas nas áreas circundantes, etc.**

Dende ADEGA consideramos xunto coa necesidade de ampliación do Monumento Natural, desenvolver para o conxunto do novo espazo proposto, as seguintes recomendacións en base ao desenvolvemento destes apartados:

1. Conservar os recursos naturais: auga, flora, fauna, paisaxe.
2. Asegurar a conservación das especies animais e vexetais silvestres que forman parte dos procesos naturais do espazo natural. Daráselles prioridade ás especies

## CONSIDERACIÓN DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

ameazadas, así coma, aquelas outras con interese para a conservación, as endémicas ou que posúan unha área de distribución limitada, e fauna migratoria.

3. Desenvolver un plan de tratamento e coidados silvícolas do conxunto da masa forestal, cun deseño de medidas preventivas e correctivas, co que garantir un cinturón de protección de saúde das árbores de maior valor dentro do espazo (os castiñeiros de alto porte).

4. Desenvolver as liñas básicas para definir a relación cos propietarios e a contribución do ente promotor (a Xunta de Galiza e Concello de Lalín), así como o posible uso público e ordenación das visitas de maneira compatible coa conservación do espazo.

5. Promover a educación, a divulgación e o coñecemento dos valores naturais e ecolóxicos e do seu significado para potenciar unha maior sensibilidade pública.

6. Incrementar o coñecemento e concienciar a toda a sociedade sobre os valores e funcións das paisaxes tradicionais agro forestais.

## **15.2 Recomendacións de directrices en relación cos recursos naturais:**

1. Os recursos naturais dentro do Monumento Natural serán xestionados coa intervención necesaria para manter non só a estrutura dos ecosistemas, senón tamén as súas funcións, os procesos naturais e a conectividade. A conservación activa orientarase a asegurar a evolución natural do medio e das especies asociadas.
2. Tratarase de conservar toda a biodiversidade existente no espazo, procurando que non desapareza ningunha especie e tratando de recuperar e /ou mellorar a situación das especies nativas. Considéranse especies nativas todas aquelas que habitan ou habitaron no espazo como resultado de procesos naturais, e pola contra son especies non nativas ou exóticas calquera que habite no espazo como resultado directo ou indirecto de accións humanas, sexan deliberadas ou accidentais.
3. Manterase a pureza da biodiversidade impedindo a introdución de especies exóticas invasoras, evitando a propagación e o crecemento das poboacións xa existentes e eliminando ou erradicando toda especie exótica invasora.
4. Se calquera especie animal ou vexetal aumentase en exceso a súa poboación poñendo en perigo o equilibrio ecolóxico da zona, deberán tomarse as medidas oportunas para o seu control garantindo a conservación das especies nativas.
5. A xestión das masas boscosas procurará o mantemento e mellora paulatina e progresiva da calidade dos seus hábitats, adoptándose as medidas necesarias para a detección, control, de ameazas e de e na mellora das prácticas e usos que teñan lugar ao seu carón. Así mesmo, levarase o control de talas abusivas, repoboacións con especies non frondosas autóctonas, e aquelas que supoñan a destrución ou alteración da estrutura forestal presente.
7. A xestión do río procurará o mantemento e mellora paulatina e progresiva da calidade das augas, tanto superficiais coma subterráneas, dos seus hábitats naturais asociados, adoptándose as medidas necesarias para a detección, control, de ameazas e de e na mellora das prácticas e usos que teñan lugar ao seu carón. Así mesmo, procurarase o control de verteduras do tipo industrial ou contaminantes eliminando, na

## **CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---

medida do posible, aqueles puntos de verteduras incontroladas.

8. Considérase a paisaxe como un dos principais valores naturais do espazo, polo que se deberá preservar, conservar e rexenerar na medida do posible, modificando as estruturas que lle afecten negativamete, incorporando o criterio do mínimo impacto para todos os proxectos de actuación que poidan repercutir no seu estado e eliminar ou minimizar os impactos que sexan xerados polas obras, construcións, etc

9. No ámbito do espazo aplicaranse criterios que permitan preservar as condicións acústicas e lumínicas naturais propias do lugar, supriminda ou minimizando aquelas que poidan ser motivo de contaminación.

### **15.3 Recomendación de directrices en relación cos recursos forestais e agrogandeiros:**

1. Os aproveitamentos e os usos forestais e agrogandeiros (cultivos, pastoreo, silvícolas) incluídos dentro das propiedades particulares dentro do Monumento Natural levaranse a cabo de maneira que resulten compatibles coa conservación dos valores que motivaron a súa declaración.
2. A masa forestal será obxecto de boas prácticas selvícolas, preventivas e correctivas, garantindo que tódolos procedementos de manexo e tratamento manteñan a estrutura e características ecolóxicas que caracterizan a este espazo.
3. No río, e na súa banda de policía, aplicaranse boas prácticas agrarias que supoñan reducir as verteduras de nitratos, xurros e o seu lixiviado ao río.
4. Para garantir a conservación e protección das masas de bosque autóctona dentro das propiedades particulares do Monumento Natural, así coma dos aproveitamentos agrogandeiros tradicionais que teñan lugar, a Xunta poderá por ao dispor dos seus propietarios forestais recursos, asesoramento e axudas para o seu tratamento e xestión, acordes coas necesidades de conservación que sexan precisas, que permitan manter a estrutura ecolóxica do espazo.
5. Para poder beneficiarse das medidas previstas no punto anterior o a Xunta poderá establecer un rexistro de propietarios. Tódalas accións que comporten unha modificación e/ou alteración sobre algúns dos elementos que xustifican a ampliación do Monumento Natural terá que ser posta en coñecemento dos técnicos da Consellería de Medio Ambiente, ou aquelas outras con competencias.
6. Dispor dun servizo de atención aos propietarios que permita planificar e deseñar as accións necesarias de conservación compatibilizadas coas demandas de usos e aproveitamentos que fagan.
7. Promover a formación e asesoramento mediante cursos, charlas, conferencias, e obradoiros, de boas prácticas forestais e agrogandeiras dentro do espazo.

## **CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---

8. Fomentar entre as actividades agrogandeiras e forestais que teñen lugar dentro do espazo á súa posible conversión a selos e distincións de calidade e compromiso de sustentabilidade, do tipo “certificación ecolóxica de produtos”, ou de certificación forestal sostible. Para o que asesorará e axudará aos propietarios das distintas posibilidades que existen.



#### **15.4 Recomendacións de directrices en relación co uso público:**

1. Facilitarase o goce do visitante baseado nos valores do espazo natural, de modo compatible coa súa conservación. Fomentaranse as actividades de paseo e contemplación e promoverase así mesmo o seu uso para grupos escolares e outros dedicados a actividades concienciadoras coa natureza.
2. Compatibilizar o uso público do territorio do Espazo Natural coa conservación, preservación e mantemento dos valores do mesmo, tendo en conta os dereitos da propiedade e as actividades tradicionais das poboacións locais.
3. Potenciar a divulgación e facilitar información por tódolos medios dispoñibles (dixitais, cartelería, folletos, publicacións, etc) sobre os valores do Espazo Natural, as posibilidades de uso e lecer, a política de xestión, as súas normas de protección, os programas de acción e cantos aspectos se considere oportuno para unha mellor e máis completa consecución dos obxectivos perseguidos.
4. Os camiños actuais presentes dentro do espazo habilitaranse e manteranse en boas condicións para permitir o tránsito a pé e vehículos sen motor, para estes últimos sempre que non provoquen danos por erosión e eliminación da vexetación.
5. As características dos mesmos (dimensións, firme, etc) na medida do posible manteranse sempre respectando a súa integración co entorno que atravesan. Estes camiños contarán coa oportuna sinalización e información sobre os valores do lugar e normas que se deben respectar.
6. Fóra dos camiños e sendeiros habilitaranse puntos de visita en lugares concretos, en atención a os valores especiais que se pretendan poñer en valor ou dar a coñecer. O resto de lugares, caso das fincas de particulares, masas forestais pechadas, edificacións, ou calquera outra propiedade privada para a que non exista autorización ou sinalización de paso non se permite o seu acceso con carácter xeral.
7. Atenderase a todas as persoas visitantes ofrecendo oportunidades de gozar da natureza para as menos capacitadas, procurando, ata onde sexa posible, que teñan as

## **CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---

mesmas oportunidades que as persoas non discapacitadas.

8. A zona de servidume e a zona de policía do río terase en conta á hora de planificar calquera actuación no espazo, de acordo coa normativa de augas que sexa aplicable.

9. Calquera actuación nas marxes ribeiras e leito do río, así coma calquera tipo de vertedura, requirirá a autorización da administración hidráulica.

10. Potenciar a divulgación e facilitar información por tódolos medios dispoñibles (dixitais, cartelería, folletos, publicacións, etc) sobre os valores do Espazo Natural, as posibilidades de uso e lecer, a política de xestión, as súas normas de protección, os programas de acción e cantos aspectos se considere oportuno para unha mellor e máis completa consecución dos obxectivos perseguidos.

11. Sinalizar a presenza do Monumento Natural e o seu fin, integrando esta sinalización no contorno conforme as normas polas que se regula a sinalización turística de Galicia.

### **15.5 Recomendacións de directrices respecto ás infraestruturas, equipamentos e instalacións:**

1. Proporcionar a infraestrutura, instalacións e equipamentos necesarios para a protección dos seus valores, para o uso e lecer público e para a súa xestión.
2. Todos eles serán harmoniosos cos recursos do espazo e compatibles cos procesos naturais, o máis accesible posible a todos os segmentos da poboación e cun custo razoable en canto á súa construción e operación.
3. Adecuar, mellorar e manter as infraestruturas e a rede de instalacións de uso público do espazo natural.
4. Tenderase a eliminar aquelas estruturas artificiais, instalacións e construcións abandonadas. Cando non sexa posible a súa eliminación, estudaranse medidas para a súa integración no medio. Para iso terase en conta o acordo e a colaboración cos propietarios.
5. Os sendeiros e lugares de visita ofrecerán unha aparencia coa que queden o mellor integrados posible, evitando ao máximo a artificialidade procurando utilizar materiais do lugar.

### **15.6 Recomendacións de directrices para as actividades científicas:**

1. Fomentar e facilitar a realización de traballos de investigación científica en relación coas especies animais e vexetais que habitan no espazo co fin que contribúa á protección, interpretación, desenvolvemento e xestión do espazo.
2. Faise necesario realizar inventarios e estudos e estacións de mostraxe, e completar os ocos de información existentes, en especial dos elementos máis ameazados e necesitados de accións específicas (por investigadores dos espazos forestais e fluviais da fauna e flora), que permitan identificar o estado de conservación das especies, das súas poboacións, das posibles ameazas, e das medidas de xestión necesarias para a súa protección.
3. É imprescindible informar e divulgar os valores e riqueza biolóxica dos espazos forestais e fluviais, dando a coñecer a importancia e sensibilización á sociedade sobre a necesidade de conservación da biodiversidade en xeral, e en particular sobre a local e dos sistemas agroforestais tradicionais.
4. Faise necesario establecer programas de seguimento ambiental que permitan a máis rápida detección dos cambios negativos sobrevidos como, na medida do posible, a predición anticipada de modificacións que requiran algún tipo de actuación.
5. Realizar convenios específicos con institucións científicas e centros de investigación para que desenvolvan programas de investigación aplicada que sirvan de apoio e asesoramento ás tarefas de xestión e conservación deste espazo, e para facilitar a transferencia dos coñecementos e resultados da investigación á xestión destas zonas.

**15.7 Recomendacións directrices para as actividades educativas:**

1. Traballar na educación e sensibilización ambiental en tódolos ámbitos, tanto na comunidade escolar, mediante o impulso de programas específicos de educación ambiental, como no resto da sociedade cun adecuado compoñente educativo inxerido en toda a información dispoñible relativa ao espazo.
2. Para conseguir o anterior promoverase a organización de actividades (conferencias, coloquios, visitas, audiovisuais, exposicións, etc) por parte das institucións, entidades locais e centros escolares.

## 15.8 Definición para a proposta de zonificación

1. Para compatibilizar a protección dos valores do Monumento Natural cos seus aproveitamentos e usos por parte dos propietarios, e o seu uso polo público, propónse unha zonificación con dous niveis de acción:

1.1 **Zona de protección:** A correspondente á superficie ocupada polo actual Monumento Natural de Catasós.

1.2 **Zona de usos moderado:** A superficie comprendida como Área de Protección Paisaxística (excluída a porción que ocupa o actual Monumento) e restante superficie do espazo que se propón.




Fig.35. Proposta de zonificación espazo. Poligonal en amarelo:Zona de protección . Resto do espazo, Zona de Uso Moderado.

## **15.9 Zona de protección**

1. Considéranse zona de protección aquelas áreas cuxos obxectivos prioritarios son os de conservación do espazo natural. Estas zonas están constituídas por aquelas áreas que requiren o maior grao posible de protección. A súa finalidade é garantir a máxima protección dos seus valores e posibilitar o seu estudo, evitando a influencia antrópica sobre eles.

2. Nesta zona os usos e aproveitamentos tradicionais (silvícolas, pastos, esquilmos, leñas, brozas, gandeiros) que son practicados historicamente pola poboación local, ou que xogan un papel positivo nos procesos ecolóxicos, poderán manterse e continuarse, pero a súa intensidade e forma de realización exerceranse considerando a conservación das especies e hábitats protexidos.

3. As autorizacións e limitacións que se establecen son as seguintes:

3.1 Queda prohibida calquera acción e intervención que poida supoñer unha transformación ou modificación do medio e supoña unha degradación dos ecosistemas.

3.2 Quedan limitadas ao acceso dos seus propietarios ou persoas autorizadas por estes, e a maquinaria agrícola que lles resulte necesaria.

3.3 Queda prohibido de modo xeral ao acceso con calquera tipo de vehículo motorizado ou non (bicicletas, quads, coches, tractores, etc) .

3.3 Calquera actuación fóra das tradicionais deberá estar suxeito á supervisión e autorización da Xunta de Galiza.

3.5 Permítese o acceso con fins científicos ou de xestión.

3.6 Permítese o acceso público a toda a área, nas súas zonas acondicionadas.

3.7 Queda prohibido o acceso de vehículos e artefactos mecánicos, a construción de infraestruturas e instalacións, incluídas novas pistas e camiños, exceptuando traballos de mellora ou reparación das infraestruturas existentes, os sinais, marcos, e instrumentación científica debidamente autorizados. Non se permite a recolección de material biolóxico non expresamente autorizado pola Xunta de Galiza.

### **15.10 Zona de uso moderado**

1. Está constituída polas áreas dominadas por un ambiente natural, con capacidade para acoller un uso de aproveitamentos moderado, compatibilizando coa conservación dos recursos, o lecer ao ar libre e as actividades educativas.
2. A súa finalidade é integrar a conservación dos recursos, o uso público nas súas vertentes interpretativa, educativa e de lecer, e os aproveitamentos tradicionais, minimizando e controlando os impactos negativos que puideran producirse.
3. Autorízanse as actuacións de máis intensidade no uso e aproveitamento de pastoreo, cultivos e forestais tradicionais, que con carácter xeral serán as que establecen as normas de ordenación do solo, de montes, e de conservación da natureza.
4. Calquera actuación fóra das tradicionais deberá estar suxeito á supervisión do Xunta de Galiza e outras administracións de resultar necesario.
5. Permítese o acceso público a toda a área, respectando as limitacións propias de acceso á propiedade privada.
6. Queda prohibido de modo xeral ao acceso con calquera tipo de vehículo motorizados non agrícolas.
7. Permítese a práctica de deportes na natureza, incluído o tránsito de vehículos sen motor (bicicletas).
8. Beneficiaranse das axudas e programas deseñados polo promotor, do mesmo modo que a superficie comprendida no apartado anterior.



## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

### **15.11 Bases de Normativa xeral aplicable a todo o espazo**

Propóñense as seguintes recomendación sobre as limitacións e prohibicións de uso dentro da totalidade do Monumento Natural. As accións que alteren as condicións do Espazo Natural ou os produtos propios del terán a consideración de infracción.

Atenderase á normativa ambiental vixente, de obrigado cumprimento que atinxa a todos os aspectos contemplados no plan de conservación. O réxime para sancionar aquelas infraccións que poidan cometerse no Espazo Natural será, con carácter xeral, o establecido no Título III da Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da natureza, sen prexuízo de todas aquelas normas vixentes que poidan resultar de aplicación a ditas infraccións ou ilícitos de calquera clase.

## **15.12 Protección da fauna e da flora**

1. Non está permitido:

1.1 A solta, semente, transplante, ou outro tipo de propagación de especies animais ou vexetais alóctonos.

1.2 Con carácter xeral, queda prohibida a destrución ou deterioro significativo das formacións vexetais conformadas por especies silvestres que caracterizan os tipos de hábitats de interese comunitario.

1.3 A perturbación, persecución, molestia, dano, captura, morte, recollida ou recolección das especies animais e vexetais silvestres especialmente as autóctonas e tanto dos exemplares ou fracción dos mesmos como dos seus propágulos, crías, ovos, restos ou residuos da súa actividade.

1.4 A caza en todo o territorio do Espazo Natural. O Monumento Natural terá consideración de zona de seguridade para os efectos cinexéticos, polo que a caza non estará permitida.

1.5 Para o exercicio da pesca terase en conta a lexislación vixente de cada ano.

1.6 As talas, cortas e sacas a oito, ou de exemplares de árbores salientables sen a preceptiva autorización.

1.7 Utilizar megafonía, ruídos ou calquera aparato de reprodución de son que resulten molestos e poidan alterar a tranquilidade do lugar.

1.8 Levar a cabo calquera actividade que destrúa, deteriore ou transforme os elementos naturais da zona.

1.9 A entrada de animais domésticos de compañía soltos (salvo can guía), polo risco de provocar danos ou molestias á fauna ou deterioro de hábitats sensibles.

1.10 A instalación de emisións luminosas que incidan negativamente sobre hábitats ou enclaves de especial interese para a fauna.

1.11 O depósito ou vertedura de materiais vexetais, derivadas do mantemento de xardíns e parques sobre os hábitats naturais ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

1.12 Queda prohibido o uso de biocidas ou calquera substancia química dentro do espazo.

### **15.13 Protección dos recursos hídricos**

Segundo o texto refundido da Lei de augas:

1. Prohíbese efectuar accións sobre medio físico ou biolóxico vinculado á auga que constitúan ou poidan constituír unha degradación da súa calidade físico-química.
2. Non poden efectuarse verteduras directas ou indirectas que contaminen as augas e acumular residuos sólidos, lixo ou sustancias, calquera que sexa a súa natureza e o sitio onde se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas ou degradación do seu contorno.
3. Prohíbese a corta do bosque de galería que acompaña ao río.
4. A vertedura de xurros nas marxes e zona de policía do río. Prohíbese o lavado de vehículos e calquera tipo de obxecto en ríos, arroios ou zona húmida, tirar obxectos nos anteditos espazos, así como a incorporación directa ás augas de deterxentes, xabóns, lixivias ou outros tipos de sustancias que poidan afectar de forma significativa ao estado ecolóxico dos ecosistemas.
5. Prohíbese a restauración de tostas, canles e muiños, sen o respectivo proxecto e autorización.

#### **15.14 Protección do solo e da paisaxe**

1. Non está permitido:

1.1 A alteración do relevo mediante escavación, soterramentos ou outras accións exceptuando as necesarias en caso de mellora ou reparación da infraestrutura de saneamento existente.

1.2 A ocupación dos terreos do espazo para o aparcamento de vehículos, caravanas ou remolques, así como a instalación de casetas, tendas de campaña, cadeiras, mesas e calquera outro artefacto que sirva para a estancia ao ar libre.

1.3 A realización por calquera procedemento de inscricións, sinais e debuxos en árbores, paneis informativos e en xeral en calquera tipo de bens mobles ou inmobles, salvo aqueles debidamente autorizados que sexan necesarios para mellorar e completar as redes de camiños e sendeiros.

1.4 Instalar pancartas ou anuncios publicitarios sen autorización.

1.5 A instalación de antenas, pantallas, artefactos que sobresaian ou outros que afectan a harmonía da paisaxe. Co fin de evitar a alteración da paisaxe e os riscos sobre a avifauna, *queda prohibido o paso de novos tendidos eléctricos e instalacións de comunicación.*

### **15.15 Uso público, actividades científicas, educativas e outras**

1. Non está permitido:

1.1 A circulación de vehículos a motor por dentro do espazo, agás a maquinaria agrícola destinada a traballos agroforestais dentro do espazo.

1.2 A circulación de bicicletas fora das rutas habilitadas.

1.3 Acceder ás zonas sinalizadas como non accesibles ao público.

1.4 Prender calquera tipo de lume, fogueira ou similar.

1.5 O abandono, depósito ou deixar fóra dos lugares especialmente indicados e preparados para tal efecto papeis, botes, botellas, plásticos, cabichas ou desperdicios de calquera tipo.

1.6 O deterioro ou a destrución da infraestrutura propia do espazo.

1.7 Os traballos de investigación que se realicen no interior do Espazo Natural deberán ser suficientemente xustificados e razoados, indicando como mínimo: a) a súa finalidade, técnicas ou métodos que se utilizarán, así como o equipamento que se teña que instalar que poida producir algunha afección sobre o medio, b) a zona e o tempo de actuación, c) persoal investigador e programas de traballo a desenvolver.

1.8 Aquelas actividades destinadas ao uso público xestionadas por terceiros como poden ser concertos ao ar libre, prácticas deportivas masivas ou calquera outro tipo de acontecemento de forma masiva serán reguladas pola Xunta de Galiza, que asegurará o seu control e adecuación ao sistema de uso público do Espazo Natural.

### **15.16 Actividades potenciais a desenvolver**

A ampliación do Monumento Natural das Fragas de Catasos nace tamén co propósito de que un espazo forestal tan valioso, representativo dos máis típicos agrosistemas ambientais dos territorios non montañosos do rural galego, permita ser empregado coma un “*laboratorio ecolóxico*” que poña a atención na chamada multifuncionalidade e potencialidade de xestión e aproveitamento dos recursos rurais, un modelo inspirado en xerar un valor engadido aos produtos e capacidades do rural, á vez que se concilia a conservación coa produtividade.

**Neste eido é onde as experiencias que poidan ter lugar dentro do Monumento Natural poden xerar exemplos demostrativos do que ben se pode facer con outros moitos aproveitamentos que teñen lugar no rural.**

### **15.17 Actividades de conservación científica**

Centradas nun programa de accións de xestión para cada unha das especies ameazadas catalogadas coma Vulnerables que atopan neste espazo os hábitat ideais para o seu desenvolvemento.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

### 15.17.1 Actuacións co Narciso. *Narcissus cyclamineus*.

#### 15.17.1.1 Caracterización e diagnóstico da poboación local.

Actuación: Fomentar o seguimento científico da poboación, e xerar información de base que proporcione modelos de protección da especie a nivel global. Posta en marcha dunha estación de mostreo para determinar a información poboacional (número de exemplares, tamaño da poboación, estado de conservación), áreas de presenza dentro do Monumento, identificación de ameazas, e vixilancia periódica.

Beneficio: Propiciar a estabilidade e/ou recuperación da poboación local.

#### 15.17.1.2 Delimitación das áreas de preservación prioritaria dentro do Monumento Natural:

Actuación: Unha vez localizadas e coñecidas os lugares de presenza da especie, en función da súa importancia e contribución ecolóxica da especie ao Monumento Natural, establecer “microrreservas” con restrición e/ou sinalización deses emprazamentos (do tipo peche perimetral en madeira, acompañado de sinaléptica con información da especie).

Acompañado de campañas e materiais de divulgación e sensibilización sobre o estado da especie.

Beneficio: Consolidar o asentamento e propagación da especie e da súa poboación local. Xerar unha experiencia demostrativa que contribúa a aportar información para mellorar a xestión da especie a nivel global.

#### 15.17.1.3 Boas prácticas medioambientais.

Actuación: Co propósito de potenciar a conservación de *Narcissus cyclameus* dentro do Monumento Natural das Fragas de Catasós, recoméndase incorporar un conxunto de boas prácticas agroambientais que teña como resultado consolidar a poboación local da especie.



## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

Para o que resulta preciso identificar as practicas agrícolas e forestais que teñen lugar no entorno, a través do contacto directo cos agricultores.

Promover a fertilización orgánica dentro da banda de protección da marxe do río, con estrume orgánico, de forma moderada e nas épocas máis adecuadas.

Beneficio: Control do PH, aumenta o nivel de materia orgánica do solo, co cal beneficia ao crecemento da microflora e fauna do solo.

### **15.17.1.4 Protección da vexetación fluvial do río de Quintela:**

Actuación: Promover unha marxe de protección de 10 metros a ámbolos lados do río.

Beneficio: Con isto asegúrase o ensombrecemento das marxes.

A regulación da temperatura na zona de desenvolvemento da especie. Promóvese a regulación da circulación da auga no solo. Estabiliza as marxes do río. Promove a diversidade Diminúe a destrución dos bulbos da planta e da propia planta. Diminúe a erosión e compactación do solo.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

### 15.17.2 Actuacións coa *Lesma Geomalacus maculossus*

#### 15.17.2.1 Caracterización e diagnóstico da poboación local.

Actuación: Fomentar o seguimento científico da poboación, e xerar información de base que proporcione modelos de protección da especie a nivel global. Posta en marcha dunha estación de mostreo para determinar a información poboacional e estimación de abundancia (número de exemplares, tamaño da poboación, estado de conservación), determinar a súa presenza dentro do Monumento, identificación de ameazas, e vixilancia periódica.

Beneficio: Propiciar a estabilidade e/ou recuperación da poboación local. Aportar información de base para a mellora de coñecemento da especie.

#### 15.17.2.2 Delimitación das áreas de preservación prioritaria dentro do Monumento Natural:

Actuación: Unha vez localizadas e coñecidas os lugares de presenza da especie, en función da súa importancia e contribución ecolóxica da especie ao Monumento Natural, adecuar os traballos de tratamentos forestais e silvícolas (podas, talas para leña, manexo do sotobosque) que poidan ter lugar as necesidades e querenza da especie. Sinalización deses emprazamentos acompañado de sinaléptica con información da especie.

Acompañado de campañas e materiais de divulgación e sensibilización sobre o estado da especie.

Beneficio: Consolidar o asentamento da especie e da súa poboación local. Xerar unha experiencia demostrativa que contribúa a aportar información para mellorar a xestión da especie a nivel global.

#### 15.17.2.3 Boas prácticas silvícolas nos soutos e carballeiras maduras.

Actuación: Recoméndase incorporar un conxunto de boas prácticas de tratamento da masa forestal no tocante a cortas, limpeza, mantemento de áreas con sotobosque,

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

conservación da capa de follaxe, e estruturas de pedra que teña como resultado consolidar a poboación local da especie.

Para o que resulta preciso identificar as practicas agrícolas e forestais que teñen lugar dentro destes soutos e carballeiras maduros, a través do contacto directo cos seus propietarios. Moderar o uso de tratamento de pragas con fitosanitarios.

Beneficio: Contribución ao mantemento e fomento da biodiversidade local.

### **15.17.2.4 Protección da vexetación fluvial do río de Quintela:**

Actuación: Promover unha marxe de protección de 10 metros a ámbolos lados do río. Conservacións dos canais de auga, charcas, estanques e zonas húmidas tales coma estruturas de pedra revestidos con fungos e hepáticas.

Beneficios: Contribución ao mantemento e fomento da biodiversidade local.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

### 15.17.3 Actuacións coa Esmeralda de Curtís. *Oxygastra curtisii* (Dale, 1834)

#### 15.17.3.1 Caracterización e diagnóstico da poboación local.

Actuación: Fomentar o seguimento científico da poboación, e xerar información de base que proporcione modelos de protección da especie a nivel global. Posta en marcha dunha estación de mostreo para determinar a información poboacional e estimación de abundancia (número de exemplares, tamaño da poboación, estado de conservación), determinación áreas de presenza dentro do Monumento Natural, identificación de ameazas, e vixilancia periódica.

Beneficio: Propiciar a estabilidade e/ou recuperación da poboación local. Aportar información de base para a mellora de coñecemento da especie.

#### 15.17.3.2 Delimitación das áreas de preservación prioritaria dentro do Monumento Natural:

Actuación: En toda a corrente fluvial do río de Quintela, con prioridade ao mantemento e/ou recuperación das zonas de bosque de ribeira degradadas, das tostas, e limpeza e recuperación das levadas de auga para os muíños.

No entorno do muíño sinalización e de sinaléptica con información da especie. Acompañado de campañas e materiais de divulgación e sensibilización sobre o estado da especie.

Beneficio: Consolidar o asentamento da especie e da súa poboación local. Xerar unha experiencia demostrativa que contribúa a aportar información para mellorar a xestión da especie a nivel global.

#### 15.17.3.3 Protección da vexetación fluvial do río de Quintela:

Actuación: Fomentar boas prácticas forestais e protección do bosque de galería. Promover unha marxe de protección de 10 metros a ámbolos lados do río. O mantemento dos hábitats lénticos do río son propicios para a súa conservacións, polo que se

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

debe actuar identificando e conservando os canais de auga, charcas, estanques e zonas húmidas tales coma estruturas de pedra revestidos con fungos e hepáticas.

Incluír a adhesión deste treito de río a programas voluntarios de participación do chequeo de ríos coma, por exemplo, o Proxecto Ríos.

Beneficios: Contribución ao mantemento e fomento da biodiversidade local. Participación cidadán en proxectos ambientais.

#### **15.17.4 Actuacións coa Capricornio das aciñeiras *Cerambyx cerdo***

##### **15.17.4.1 Caracterización e diagnóstico da poboación local.**

Actuación: Fomentar o seguimento científico da poboación, e xerar información de base que proporcione modelos de protección da especie a nivel global.

##### **15.17.4.2 Caracterización e diagnóstico da poboación local.**

**Estación de mostraxe:** Mediante a instalación de trampas aéreas con substancias atraíbles e interceptación de voo. Posta en marcha dunha estación de mostreo para determinar a información poboacional e estimación de abundancia: monitoreo da presenza da especie, tamaño da poboación, estado de conservación)

A estación de mostraxe tamén debe propiciar información de valor científico referida ao grado de coexistencia e relación con outras das especies do mesmo xénero coas que se soe confundir.

**Estudo do microhábitat:** Establecer os requirimentos de microhábitat da especie dentro do Monumento Natural. Inventario de número de árbores enfermos, vellos ou mortos por hectárea. Conteo de árbores nas condicións indicadas dentro do espazo.

**Conectividade ecolóxica:** Aportar información no tocante a capacidade de dispersión da especie e a conectividade entre poboacións; identificación de ameazas, e vixilancia periódica.

**Outras liñas de investigación** pasan por xerar información ao respecto de testar a influencia da especie sobre as especies arbóreas hóspede.

Beneficio: Propiciar a estabilidade e/ou recuperación da poboación local. Aportar información de base para a mellora de coñecemento da especie.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

### **15.17.4.3 Delimitación das áreas de preservación prioritaria dentro do Monumento Natural:**

Actuación: Identificación das zonas boscosas maduras con presenza da especie, dándolle prioridade ao mantemento das condicións ecolóxicas polas que a especie amosa querencia.

Unha vez identificadas dispoñer de sinalización e de sinaléptica con información da especie. Acompañado de campañas e materiais de divulgación e sensibilización sobre o estado da especie.

Beneficio: Consolidar o asentamento da especie e da súa poboación local. Xerar unha experiencia demostrativa que contribúa a aportar información para mellorar a xestión da especie a nivel global.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

### 15.17.5 Actuacións coa Ra Vermella *Rana temporaria* Linnaeus, 1758 & Ra patilonga *Rana iberica* Boulenger, 1879

#### 15.17.5.1 Caracterización e diagnóstico da poboación local.

Actuación: Fomentar o seguimento científico da poboación, e xerar información de base que proporcione modelos de protección da especie.

**Estación de mostraxe:** Posta en marcha dunha estación de mostreo para determinar a información poboacional e estimación de abundancia: monitoreo da presenza da especie, tamaño da poboación, estado de conservación)

A estación de mostraxe tamén debe propiciar información de valor científico referida ao grado de coexistencia entre estas dúas especies simpátricas.

#### 15.17.5.2 Delimitación das áreas de preservación prioritaria dentro do Monumento Natural:

Actuación: Identificación das zonas húmidas e boscosas empregadas polas dúas especies para a reprodución, e establecer unha delimitación das mesmas. Proporcionar puntos de auga e charcas artificiais de pouca profundidade na zona dos soutos para diversificar opcións de áreas de reprodución para *Rana temporaria*. Manter as canles dos muíños limpos e sen colmatar. Erradicar puntos de vertido e/ou de aportes de contaminación.

Beneficio: Consolidar o asentamento das dúas especies e das súas poboacións locais. Xerar unha experiencia demostrativa que contribúa a aportar información para mellorar a xestión da especie a nivel global.

#### 15.17.5.3 Construción dunha charca e observatorio de anfibios:

Posibilidade de construír un pequeno observatorio de anfibios coma un recurso didáctico e de divulgación. Este tipo de iniciativas teñen un potencial didáctico extraordinario, principalmente enfocado para recibir e completar posibles visitas escolares ao Monumento Natural. Valorar a posibilidade de execución nun punto de restauración



**CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS  
DE CATAOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---

ou degradado que exista dentro do Monumento.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

### 15.17.6 Actuacións coa Aguaneira *Galemys pyrenaicus*.

#### 15.17.6.1 Caracterización e diagnóstico da poboación local.

Actuación: Fomentar o seguimento científico da poboación, e xerar información de base que proporcione modelos de protección da especie a nivel global. Mediante o desenvolvemento de estación de mostraxe, estudo de microhábitas.

Beneficio: Propiciar a estabilidade e/ou recuperación da poboación local. Aportar información de base para a mellora de coñecemento da especie.

#### 15.17.7 Delimitación das áreas de preservación prioritaria dentro do Monumento Natural:

Actuación: En toda a corrente fluvial do río de Quintela, con prioridade ao mantemento e/ou recuperación das zonas de bosque de ribeira degradadas, das tostas, e limpeza e recuperación das levadas de auga para os muíños.

No entorno do muíño sinalización e de sinaléptica con información da especie. Acompañado de campañas e materiais de divulgación e sensibilización sobre o estado da especie.

Beneficio: Consolidar o asentamento da especie e da súa poboación local. Xerar unha experiencia demostrativa que contribúa a aportar información para mellorar a xestión da especie a nivel global.

#### 15.17.7.1 Protección da vexetación fluvial do río de Quintela:

Actuación: Fomentar boas prácticas forestais e protección do bosque de galería. Promover unha marxe de protección de 10 metros a ámbolos lados do río. O mantemento dos hábitats lénticos do río son propicios para a súa conservacións, polo que se debe actuar identificando e conservando os canais de auga, charcas, estanques e zonas húmidas tales coma estruturas de pedra revestidos con fungos e hepáticas.

Incluír a adhesión deste treito de río a programas voluntarios de participación do che-

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

queo de ríos coma, por exemplo, o Proxecto Ríos da entidade ADEGA.

Beneficios: Contribución ao mantemento e fomento da biodiversidade local. Participación cidadán en proxectos ambientais.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

### 15.17.8 Actuacións con Morcego pequeno de ferradura *Rhinolophus hipposideros* & Morcego Grande de Ferradura *Rhinolophus ferrumequinum*

#### 15.17.8.1 Caracterización e diagnóstico da poboación local.

Actuación: Fomentar o seguimento científico da poboación, e xerar información de base que proporcione modelos de protección da especie.

##### **Estación de mostraxe:**

Actuación Posta en marcha dunha estación de mostreo para determinar a información poboacional e estimación de abundancia: monitoreo da presenza da especie, tamaño da súa colonia, estado de conservación)

A estación de mostraxe tamén debe propiciar información de valor científico referida ao grado de coexistencia entre estas dúas especies , así coma para o resto de especies de quirópteros que poidan estar presentes.

Beneficio: Propiciar a estabilidade e/ou recuperación das poboacións locais. Aportar información de base para a mellora de coñecemento da especie.

**Estudo do microhábitat:** Establecer os requerimentos de microhábitat das dúas especies dentro do Monumento Natural. Inventario de número de árbores refugio, minas de auga con galería, edificacións tradicionais, rochedos con fendeduras.

**Conectividade ecolóxica:** Aportar información no tocante a capacidade de dispersión da especie e a conectividade entre poboacións; identificación de ameazas, e vixilancia periódica. Por exemplo cos espazos da Rede Natura 2000 pertencentes ao sistema fluvial no que está integrada esta conca (Río Deza).

Beneficio: Propiciar a estabilidade e/ou recuperación da poboación local. Aportar in-

## CONSIDERACIÓN DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

formación de base para a mellora de coñecemento da especie.

### **15.17.8.2 Plan de refuxios para morcegos dentro do Monumento Natural:**

Propiciar refuxios para colonias da especie. Dispoñer de sinalización e de sinaléptica con información. Acompañado de campañas e materiais de divulgación e sensibilización.

Beneficio: Consolidar o asentamento das dúas especies e da súas poboacións locais. Xerar unha experiencia demostrativa que contribúa a aportar información para mellorar a xestión da especie a nivel global.

### **15.17.8.3 Caixas niño para colonias de morcegos:**

Actuación: Propiciar a instalación de dispositivos de refuxio (caixas de refuxios, creación de ocos artificiais..), para estas dúas especies e morcegos en xeral. O refuxio é un recurso fundamental para os morcegos. Nel terán lugar funcións coma a dos descanso, pero tamén os partos, a lactancia, o coidado das crías ou a hibernación. Os morcegos precisan distintos refuxuos ao longo do seu ciclo anual, e estes deben cumprir unha serie de requisitos de illamento, temperatura, humidade e tranquilidade.

**CONSIDERACIÓN DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---



**Fig.36.** Diferentes recursos de creación de refuxios artificiais para colonias de morcegos. Ademais de propiciar un beneficio para estas especies, o deseño e disposición pode supoñer un potente recurso divulgativo da especie. Recoméndase reproducir modelos como os que se amosan nestas imaxes e que poidan estar accesible á vista dos curiosos.

Beneficio: Consolidar o asentamento das dúas especies e das súas poboacións locais. Xerar unha experiencia demostrativa que contribúa a aportar información para mellorar a xestión da especie a nivel global. A instalación artificial de refuxios para morcegos, ben sexa con fins de estudo, para favorecer a súa presenza en determinados espazos, ou favorecer as poboacións locais resulta unha actuación moi beneficiosa para estas especies.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

### 15.17.8.4 Protección refuxios en construcións antigas:

Actuación: Os criterios de conservación, mantemento e/ou rehabilitación dos muíños da zona deberan atender a presenza da especie. Recoméndase facer un seguimento sobre o uso e importancia destes lugares para a especie.



Fig.37. Refuxio de morcegos baixo teito, nunha vella construción.

### 15.17.8.5 Protección refuxios minas de auga con galería:

Actuación: Avaliar a necesidade de dispoñer de peche das entradas á galerías das minas permitindo o acceso á fauna, en particular as colonias de morcegos. O deseño dos peches ou recintos cercados da mina (en madeira, con sinalización) realizarase en atención a non modificar as condicións ambientais da galería (correntes de aire, temperatura, humidade). Acompañado de panel explicativo.

**CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---



**Fig. 38. Peches de entrada de minas e cobas empregadas coma refuxios para colonias de morcegos.**



**16 ACTIVIDADES DE FOMENTO DE EXPERIENCIAS DEMOSTRATIVAS DE MULTIFUNCIONALIDADE E BOAS PRÁCTICAS NO EIDO DA AGRICULTURA, GANDERIA E SECTOR FORESTAL TRADICIONAL COMPRENDIDO DENTRO DO MONUMENTO NATURAL**

---

### **16.1.1 Sinerxías para mellorar a produción de castaña: a apicultura ao servizo dos soutos**

Preséntase coma obxectivo principal que dende o Monumento Natural das Fragas de Catasos se proporcione unha experiencia pioneira en Galicia no uso da polinización dirixida na produción de castaña.

O Concello de Lalín destaca por presentar unha moi boa representación de soutos de castiñeiros destinados á produción e aproveitamento do seu froito. Na actualidade trátase dun dos concellos de Galicia que maior número de produtores de castaña ecolóxica presenta. Este feito sitúa a dito concello coma un referente no interior de Galicia na produción dunha castaña de alta calidade.

O entorno do Monumento Natural conta cunha das mellores representacións de soutos de Lalín e Comarca do Deza, ademais da importancia simbólica que supoñen os castiñeiros senlleiros de Catasós.

O castiñeiro é funcionalmente auto-esteril, o que significa que as flores masculinas e femininas maduran a destempo, polo que é necesario que a polinización sexa cruzada con outras árbores. Así dita polinización realízase por dous mecanismos:

- A polinización anemófila, na que o vento é o encargado de transportar o pole.
- A polinización entomófila, con insectos, xa que as flores masculinas tamén segregan néctar que atrae a insectos coleópteros e himenópteros, entre eles ás abellas ( cun indiscutible papel protagonista na case totalidade de cultivos que se practican no continente europeo).

Aínda que é indiscutible o importante papel que as abellas melíferas xogan nunha parte da polinización durante a floración do castiñeiro, non se ten dirixido en Galicia e España, dunha maneira específica, o uso de colmeas para incrementar de maneira consciente a produción de castaña. Si existen estas experiencias e investigacións noutros lugares, destacando Francia ou os Estados Unidos, coñecedores das cargas apícolas necesarias para polinizar os seus cultivos.

## **CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---

Neste sentido, nas características que amosan os meles de Lalín, en concreto na súa composición polínica, cunha fracción elevada de pole de castiñeiro, é onde se demostra unha alta contribución da apicultura no frutificado dos castiñeiros.

### **16.1.2 Creación dunha Estación Apícola e de polinizadores dentro dos límites do Monumento Natural**

A presenza de colmeas en cultivos e/ou soutos de castiñeiros pode ter unha contribución importante na produción de castaña. Unha boa carga gandeira apícola (o número de colmeas necesario e suficiente para carrexar o pole dos castiñeiros), que garanta un elevado número de exemplares de abellas durante a época de floración da castaña, pode supor un incremento na produción deste froito, así como na preservación e/ou mellora da súa calidade. Coa falta de polinizadores naturais e da abella melífera, encadrados nun grupo animal moi sensible as prácticas agrarias intensivas e a contaminación, a produción da maioría de cultivos de froiteiras, incluídos os castiñeiros, pode verse moi reducida.

**Apicultura e castiñeiros no Deza :** Entre os estudos científicos que podemos atopar sobre o papel que xogan as abellas na polinización do castiñeiro na Comarca do Deza pódese citar o estudo “*Características palinológicas de las mieles de castaño de Galicia (NO España)*”( Acta Botánica Malacitana 22: 73- 81 Málaga 1997. M. Carmen Seijo, Victoria Jato, M. Isabel Iglesias y M. Jesús Aira).

Con relación ao castiñeiro ponse de manifesto que dita especie “*é o taxon arbóreo de maior interese apícola do interior de Galicia*”. Os cultivos tradicionais distribúense “*basicamente nas áreas de montaña das provincias de Ourense e Lugo e na comarca do Deza*”.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL




Figura 1. Zonas cuyas mieles presentan elevados porcentajes de polen de *Castanea*. Areas with the highest percentages of *Castanea* pollen in their honeys.

**Fig. 39. Mapa de produción de meles de Galicia que presentan un alto contido en pole de castiñeiro. Fonte: “*Características palinológicas de las mieles de castaño de Galicia (NO España)*” (Acta Botánica Malacitana 22: 73- 81 Málaga 1997).**

O seu período de floración comeza a mediados do mes de xuño permanecendo ata mediados de xullo. Debido ás variacións climáticas é posible atopar en zonas relativamente próximas unha oscilación da súa floración de 2 a 3 semanas.

Tratase polo tanto “*dun recurso apícola excelente, pois proporciona abundante cantidade de néctar e pole, nunha época na que a colonia de abellas posúe as condicións biolóxicas ideais para unha boa recolección*”.

Destaca na conclusión do estudo que entre os meles monoflorais de Galiza, o de castiñeiro “*é o de maior produción*”, situando a Comarca do Deza coma unha das máis importantes áreas de detección de mel con alta composición de pole de castiñeiro. Tamén indica que “*estas zonas de produción coinciden, maioritariamente, coas zonas de distribución de castiñeiros cultivados tradicionalmente en Galicia*”.

Coa posta en marcha desta Estación apícola o obxectivo é propiciar un modelo que permita coñecer o número mínimo de colmeas por hectárea de castiñeiro, e garantir así unha completa cobertura de polinización das flores femininas do castiñeiro, así como, establecer a sincronización axeitada do momento no que deben

## **CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---

situarse as colmeas en relación á fase de floración, pode contribuír a estender para todos os cultivos de castiñeiro de Galicia este tipo de técnica, incrementando as súas producións e calidades.

Actuacións previstas de asesoramento, asistencia e intervención, ao servizo dos propietarios:

- a) Iniciar nas técnicas de manexo de apicultura básica a propietarios dos soutos dentro do Monumento Natural. Preténdese que os propietarios destes soutos sexan suficientes no manexo de colmeas e abellas para polinizar os seus soutos no período da floración e callado do froito.
- b) Introducir novas técnicas mediante o uso dirixido de polinizadores (Abella melífera) que permita incrementar rendementos de produción en Kg. e en calidade da castaña ecolóxica.
- c) Instalar un apiario dentro do Monumento para o desenvolvemento e formación dos interesados na apicultura. Ser empregado coma escola apícola para formación de novos apicultores. Que permita proporcionar enxames para polinización noutros soutos do municipio.

**CONSIDERACIÓN DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---



**Fig.40. Apiarios didácticos ideal para un entorno forestal.**

d) Instalar un refugio de insectos, como actividade demostrativa do papel dos polinizadores silvestres.

**CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**



Fig.41. Exemplo de “*le maison de insectes*”, un hotel de polinizadores moi empregado como recurso de parques e xardíns.

- d) Asesorar, colaborar e axudar na tramitación para certificar estes soutos baixo o selo de produción ecolóxica ( selo do CRAEGA). (certificada baixo o selo do CRAEGA).
- e) Xerar unha experiencia demostrativa neste eido que permita deseñar manexos semellantes noutras áreas de produción de castaña presentes en Galicia.



### **16.1.3 Boas prácticas silvícolas no manexo e coidados dos soutos e os castiñeiros**

A cultura do castiñeiro en Galicia remóntase ao período dos séculos VI-VIII. Durante séculos a castaña recollida nos soutos estivo orientada ao autoconsumo. Posteriormente a medida que se foron incorporando á alimentación outros cultivos a castaña foi quedando relegada nese papel, e a súa produción foise orientando cara a súa comercialización. Na actualidade a maior parte dos soutos galegos, agás nalgúns lugares do territorio no que se mantén unha forte tradición, van quedando abandonados, incluso, en lugares que historicamente foron importantes. Caso do concello de Lalín, onde moitos destes soutos apenas teñen relevancia económica, cunha tendencia cara o aproveitamento residual, e sumidos nun importante abandono de coidados e conservación encamiñados á produción.

A posibilidade de integrar varios soutos dentro do Monumento Natural ofrece unha oportunidade para establecer modelos que permitan poñer en valor a potencialidade que aínda manteñen.

Presenta o entorno actual do Monumento Natural varios soutos que ocupan unha superficie importante dentro do espazo, e destinados principalmente á produción de castaña e leña.

Os castiñeiros teñen un especial valor para Lalín e máis para este entorno concreto. Fai douscentos anos, no hoxe Monumento Natural das Fragas de Catasós, onde medran castiñeiros “ xigantes”, -aqueles que impresionaron na visita do ano 1954 ao fitopatólogo americano Flipp Gravat (1891-1969)-, foron plantados estas maxestosas e portentosas árbores nun momento que o agrarismo galego do século XIX comezaba a dar mostra da incorporación de novas técnicas. A casa do Pazo de Quiroga inculcou este paso de modernidade silvícola no rural de Lalín, e iniciou unha nova maneira de ordenar e xestionar os aproveitamentos de castiñeiros.

Alí houbo un viveiro de selección de variedades de castañas, a principios do século XIX. O seu propietario reparou en plantar e seleccionar a mellor castaña, a de mellores calidades e adaptación ao clima do Deza. Observou os matices e diferenzas dos

**CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

froitos apañados dos soutos da comarca para seleccionar as variedades máis prometedoras.

Destacar que a fraga próxima de Casas Vellas é o reservorio dunha estrutura varietal, no que conviven 14 variedades distintas de castaña. Hoxe en Casas Vellas cóntase coas seguintes variedades de castañas: *a famosa, negral, oura, rosario, abadá, pelada, temprá, patacuda, rañuda e mazaíña*.



Aspecto das castañas das diversas variedades.



Aspecto das castañas peladas das diversas variedades.

**Fig.42. Variedades de castaña. Fonte: Guía de cultivo do castiñeiro para a produción de castaña. Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural e do Mar.**

## **CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---

Neste sentido, estes soutos, proporcionan novamente o marco ideal para experimentar no coñecemento dos usos dos soutos e castiñeiros, da selección das variedades mellor adaptadas ao Deza, da súa produtividade, diferenzas do seu calendario fonolóxico, estado sanitario, pragas ás que están expostas ás árbores, do seu tratamento e manexos para garantir o seu bo estado.

As actuacións previstas no Monumento Natural deberían encamiñarse no sentido de proporcionar aos seus propietarios unha asistencia de asesoramento e mellora das masas, en base a criterios multidisciplinares, que repercuta nun beneficio, tanto para o espazo e a súa biodiversidade como para, os seus propietarios na mellora de rendemento, pero co propósito tamén de podelos dispoñer para o visitante para o seu uso e entretemento.

Neste sentido a relación entre as administracións e os propietarios dentro do Monumento debe asentarse no deseño dun modelo de xestión destas masas baseada nun beneficio mutuo, polo que a Xunta se comprometa a cubrir as necesidades de asesoramento, asistencia nas prácticas e tratamentos que beneficien a calidade e mantemento destas masas, recibindo coma contraprestación dos propietarios a cesión dun aproveitamento lúdico do espazo, no que se permita un libre tránsito e acceso polos sendeiros e lugares de interese establecidos, e demais actividades sociorecreativas.

## CONSIDERACIÓN DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

### 16.1.4 Actuacións previstas de asesoramento, asistencia e intervención, ao servizo dos propietarios

1. Estrutura dos soutos presentes dentro do Monumento Natural:

Xerar base cartográfica e datos asociados (SIX), tales como inventario do número de pés, producións, análise de variedades e calendario fenolóxico (brotación, datas de produción, tamaño de froito).

2 .Detección, diagnóstico e estudo de enfermidades que afecten a pés ou a masa forestal presente: por exemplo, a tinta (*Phytophthora cinnamomi*).

3. Programación e asistencia de tratamentos periódicos de saneamento e coidados destes soutos: tratamentos de enfermidades, limpeza...

5. Formación en técnicas de xestión das árbores: curso de enxerto e portaenxertos, selección patróns, técnicas de cultivo de sementes e creación dun viveiro.

6. Formación en técnicas de renovación de soutos vellos:podas de renovación, manexo de copas, o control da podremia de troncos mediante demoucado e decotado nas árbores vellas,

4. Actuacións dirixidas a mellora da polinización dos soutos (ver apartado anterior).

### **16.1.5 Boas prácticas silvícolas das carballeiras e do bosque de galería do rego de Quintela. Sobre permisos e autorizacións de aproveitamento**

Un dos obxectivos principais do Monumento Natural e a súa ampliación debe centrarse nunha xestión da súa masa forestal exemplar, co propósito de manter a súa naturalidade, a súa estrutura, e valor natural e paisaxístico-cultural. Isto non significa que se teña que establecer un marco restritivo polo que se prohiban os aproveitamentos que nestas carballeiras se fan dende sempre.

**Resulta necesario establecer un programa de seguimento do estado das masas forestais, xunto co desenvolvemento dun plan operativo de sanemento e silvícola que inclúa un control e unha intervención preventiva sobre as árbores, solo, nivel hídrico, e todos aqueles condicionantes ambientais que poidan afectar, directa ou indirectamente á masa. Xunto cun deseño de medidas correctivas cara mellora e tratamento das árbores que corran calquera tipo de risco debido ao seu estado.**

A proposta de actuacións contempla que os aproveitamentos madeireiros e de leña se faga conforme aos preceptos legais actualmente establecidos en materia de aproveitamentos forestais na LEI 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. A efectos de compatibilizar o futuro Plan de Conservación do Monumento Natural co disposto para os aproveitamentos de leña e madeira da Lei de Montes, atenderase ao disposto no apartado 4 do artigo 92 da lei de montes:

*4. No suposto de que os montes ou terreos forestais estean poboados con especies do anexo 1, ou formen parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección, a resolución relativa á autorización de corta deberá ditarse no prazo de corenta e cinco días, que se contarán desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver.*

*Recibida a solicitude de autorización, o órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio requirirá os pertinentes informes das administracións sectoriais correspondentes. Transcorridos vinte días desde que este órgano solicite os ditos informes, entenderase que son positivos de non haber contestación expresa, sen*

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

*prexuízo do establecido no artigo 25.4 do Real decreto legislativo 1/2001, do 29 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, polo que se continuará coa tramitación da autorización solicitada.*

No caso dos aproveitamentos e rareos en zonas de policía e marxe de ríos deberase contar coas autorizacións preceptivas conforme ás previsións do Plan de Conservación.

Para as demais cuestións non previstas estarase ao disposto nos artigos 92 e 93 E 94 da lei de montes que dispoñen:

*Artigo 92. Dos aproveitamentos madeireiros.*

*1. Os propietarios de montes ou terreos forestais privados que desexen realizar neles aproveitamentos de madeira ou leña terán que solicitar a preceptiva autorización do órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio.*

*2. Quedan exceptuados da obriga sinalada no punto anterior deste artigo os aproveitamentos para uso doméstico, que necesitarán dunha comunicación á Administración forestal, nos termos que se determinen mediante orde da consellaría competente en materia de montes.*

*3. Os donos de predios poderán realizar aproveitamentos de masas forestais poboadas das especies que non estean incluídas no anexo 1 desta lei, e que non formen parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección, e executar cortas a feito, rareos ou entresacas, presentando a pertinente solicitude ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio, cunha antelación mínima de quince días ao comezo do aproveitamento. Transcorrido o prazo sen contestación, entenderase concedida a autorización solicitada. Se a contestación for negativa, deberá xustificarse.*

*En masas que cumpran cos requirimentos descritos no parágrafo anterior e inclúan pés nunha proporción reducida de especies incluídas no anexo 1, poderase admitir o seu aproveitamento coa mesma solicitude segundo as condicións que se determinen mediante orde da consellaría competente en materia de montes.*

*4. No suposto de que os montes ou terreos forestais estean poboados con especies do anexo 1, ou formen parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección, a*

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

*resolución relativa á autorización de corta deberá ditarse no prazo de corenta e cinco días, que se contarán desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver.*

*Recibida a solicitude de autorización, o órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio requirirá os pertinentes informes das administracións sectoriais correspondentes. Transcorridos vinte días desde que este órgano solicite os ditos informes, entenderase que son positivos de non haber contestación expresa, sen prexuízo do establecido no artigo 25.4 do Real decreto legislativo 1/2001, do 29 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, polo que se continuará coa tramitación da autorización solicitada.*

*5. Nos montes ordenados, cando a corta se faga de acordo co instrumento de ordenación ou de xestión aprobado, non se precisará autorización, e abondará a notificación á Administración forestal cunha semana de antelación ao inicio dos traballos. Cando os aproveitamentos non se axusten ao previsto no instrumento de ordenación ou de xestión, o propietario solicitará, de maneira xustificada, a autorización á Administración forestal. A denegación ou o condicionamento do aproveitamento producirase no prazo de quince días mediante resolución motivada; transcorrido o dito prazo sen contestación, entenderase concedida a solicitude. A Administración forestal poderá esixir a modificación do instrumento de ordenación ou de xestión con posterioridade ao aproveitamento.*

*6. As persoas físicas ou xurídicas que, en lugar do seu titular, realicen a xestión ou o aproveitamento dos montes ou dos terreos forestais poderán solicitar as autorizacións, ou facer as comunicacións ou notificacións sinaladas neste artigo, cando xustifiquen debidamente a súa representación.*

*7. As cortas de policía, os rareos e os demais tratamentos silvícolas sen aproveitamento comercial non requirirán comunicación nin autorización da administración competente.*

*8. O prazo máximo para a realización dun aproveitamento será de doce meses, contados desde a data de notificación da autorización ou desde a data en que se considere outorgada esta por silencio administrativo.*

*9. Cando se demore a execución dun aproveitamento por causas non imputables ao seu titular ou á empresa que o leve a cabo, o prazo para a realización dos aproveitamentos forestais a que se refire o punto anterior poderase prorrogar, logo*

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

*da solicitude xustificada, por un único prazo, que en ningún caso poderá superar o da concesión inicial.*

*10. En relación cos aproveitamentos en zonas afectadas por unha expropiación, será suficiente que o órgano expropiante envíe unha comunicación ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio. A zona expropiada deberá ser sinalizada polo órgano expropiante ou polo afectado, por instancia deste órgano.*

*11. Nas cortas de arboredo de obrigada execución, de acordo co establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, será suficiente unha comunicación ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio.*

*12. A Administración forestal simplificará os procedementos administrativos, tales como a regulación mediante orde da consellaría competente en materia de montes dunha autorización compartida de diferentes propietarios de montes particulares, e impulsará o emprego dos servizos de atención telemáticos e a administración electrónica.*

*Artigo 93. Aproveitamentos en masas consolidadas de frondosas autóctonas*

*1. A Administración forestal rexistrará aquelas masas de frondosas do anexo 1 cunha superficie en couto redondo de polo menos 15 hectáreas e cunha idade media de polo menos vinte anos. Quedan excluídas as plantacións forestais.*

*2. Co obxecto de asegurar a súa sustentabilidade, precisarán, para o seu aproveitamento, dispoñer dun documento compartido de xestión aprobado pola Administración forestal.*

*3. A Administración forestal promoverá e fomentará a agrupación dos propietarios forestais das masas obxecto deste artigo, co fin de facilitar a planificación e a execución da súa axeitada xestión.*

*Artigo 94. Aproveitamentos nas zonas de servidume e de policía de dominio público*

*1. Calquera aproveitamento forestal que se produza na zona de servidume de dominio público non forestal non requirirá autorización do órgano forestal, sen prexuízo das autorizacións preceptivas por outra normativa que lle sexa aplicable.*

*2. Nos terreos forestais incluídos na zona de policía de dominio público, excluídos os referidos no punto anterior, cando unicamente sexa necesaria a autorización da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou de entidades públicas instrumentais dependentes dela, a solicitude de autorización terá en conta o*



## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

seguinte:

- a) *Se os terreos forestais contan cun instrumento de ordenación ou de xestión forestal aprobado pola Administración forestal, aplicarase o disposto no artigo 81.3 desta lei.*
  - b) *Cando carezan do dito instrumento de ordenación ou de xestión aprobado, aplicarase o disposto no artigo 92.4 desta lei.*
3. *Para aqueles terreos forestais incluídos na zona de policía de dominio público, excluídos os referidos no punto 1 deste artigo, cuxo dominio público estea adscrito a administracións públicas distintas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a Administración forestal autonómica promoverá acordos para acadar procedementos de colaboración tendentes a conseguir o mesmo procedemento e resultados descritos no punto anterior.*

### **16.1.6 Sobre programa de actuacións de colaboración entre administracións e propietarios**

A ampliación do Monumento Natural debe permitir proporcionar unha serie de beneficios e/ou vantaxes cara os propietarios dos terreos encadrados dentro desta superficie a protexer.

Coma contraprestación das actuacións das que poida dispoñer a Xunta, a efectos de xestión e tratamento, os propietarios deben favorecer determinados usos de carácter público e sociais, relacionados coa posibilidade de transitar por dentro do espazo nas súas zonas habilitadas, o organizar eventos e actividades diversas, etc.

Entre as accións que asuma a Xunta, e outras administracións, contemplase as seguintes:

- Aprobar un orzamento anual de actuacións dirixidas a prestar servizos de asesoramento, xestión e tratamento das masas forestais existentes dentro do Monumento.
- Acometer determinados traballos de poda, saneamento, en beneficio de conservar os valores naturais polos que destaca o espazo.
- Proporcionar asistencia técnica de diagnóstico e revisión anual do estado sanitario das masas.

### **16.1.7 Sobre actuacións de mellora e conservación da biodiversidade presente nas carballeira e souto**

Recoméndase actuacións consistentes en manter as condicións dunha estrutura de biotopos e sotobosque que permita redundar na conservación e mellora das especies de flora e fauna presentes. Evitar prácticas de manexo forestal convencionais.

De entre os manexos para fomentar a biodiversidade presente desenvolver as seguintes accións:

- **Tratamento sotobosque:** Rozas diferenciadas do estrato arbustivo, mantendo un mosaico de vexetación espontánea, como illas estratéxicas, e zonas rozadas que permita a entrada de luz ao estrato do solo.

- **Mantemento e fomento de especies arbustivas para fruxívoros.** A partir da conservación de especies coma *Hedera helix* ( non parasita as árbores), mantemento ou plantación de pereiras brava *Pyrus cordata*, espiños *Crataegus monogyna*, bruñeiros *Prunus spinosa*, érbedos *Arbutus unedo*, cerdeiras *Prunus avium*.

- **Mantemento dos Corredores de vexetación fluvial.**

No manexo forestal dun monte ten especial importancia a conservación dos bosques riparios ( bosques de ribeira e outros ambientes forestais de ribeira). Trátase da vexetación que envolve aos ambientes acuáticos e tamén son os ambientes de transición cara os sistemas circundantes. Albergan multitude de especies.

Recoméndanse os seguintes manexos:

- Conservación de todo o bosque de galería, descartándose medidas de carácter extractivo.
- Propostas de manexo destinadas a incrementar na medida do posible o ancho da franxa de vexetación riparía, ou ben favorecendo os procesos de recuperación natural ou plantando especies propias deste medio.
- Restauración das regas deforestadas con especies propias do medio ( *Salix sp*, *Alnus sp*, etc.).

- **Mantemento de espazos abertos.**

Co obxecto de beneficiar aquelas aves que non son forestais ou que se desenvolven máis frecuentemente neste tipo de medio, tales coma *Accipiter nisus*, *Buteo buteo*, *An-*

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

*thus pratensis*, *Alauda arvensis*, sílvidos, etc.

Esta recomendación está baixo a idea de crear un mosaico forestal, fomentando a complexidade estrutural do medio.

### - **Contaminantes químicos.**

As aves soen ser especies moi sensibles á contaminación por substancias químicas empregadas en diferentes tratamentos forestais. Prohibición no uso de fitosanitarios e insecticidas dentro do Monumento. Moitas destas substancias teñen efectos bioacumulativos.

### - **Eliminación de especies invasoras.**

No caso de que sexa preciso articular un plan de tratamento de eliminación de especies invasoras.

### - **Divulgación e sensibilización.**

As campañas de instalación de caixas niño e comedeiros son unha interesante ferramenta de educación ambiental, ademais de ter beneficios para determinadas especies de aves. Un bo momento para realizar estas campañas coincidiría con días sinalados coma o Día da Aves, Día da árbore, etc.

No caso de deseñar un plan de instalación de caixas niños é de interese saber:

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

### 16.1.8 Creación dun couto de aproveitamento de cogumelos. Aproveitamento micolóxico

- Establecer un plan para regular dentro do Monumento Natural, na súa zona de usos moderados, o aproveitamento non comercial de cogumelos. Nas parcelas privadas os propietarios son os donos dos cogumelos, polo que se formula a posibilidade de ordenar o seu aproveitamento, ben para os propios propietarios interesados, e a posibilidade de abrir o couto a socios non propietarios.



Fig.43. Diferentes carteis indicando a presenza dun couto de recolleita de cogumelos.

O plan contemplará un inventario de especies recolleitables, capacidade máxima de aproveitamento sostible, número de socios, cupo de colleita por socio e especie, manual de boas prácticas de colleita. Método de altas e rotacións anuais de socios do couto.

### **16.1.9 Sobre actividades sociorecreativas previstas dentro do espazo**

Deseño de actividades lúdicas e de entretemento na natureza dentro das zonas habilitadas do Monumento Natural, mediante:

- habilitar unha rede de sendeiros, coa correspondente sinalización e dotación de paneis informativos sobre os valores do espazo.
- deseño de actividades deportivas na natureza: btt, correr, sendeirismo. Sempre supervisado o seu deseño baixo informe de recomendacións ambientais.
- divulgación científica: mediante o establecemento e financiamento de estacións de mostraxe, seguimentos e estudos de investigación de especies ameazadas e outras. Actividades demostrativas do estudo da flora, fauna e diversidade. Actividades de formación no manexo de técnicas forestais, apícolas, etc.

### **16.1.10 Accións de contribución do Monumento Natural para desenvolver as precricións co Catálogo da Paisaxe do Deza**

O Catálogo da Paisaxe do Deza destaca unha serie de obxectivos e accións de calidade paisaxística que se recolle no apartado da serie Unidade Paisaxística do Val do Asneiro. Destes obxectivos e accións destácanse aqueles que implican directamente ó futuro deste Espazo Natural:

#### **16.1.10.1 Acción de integración das masas caducifolias coma un elemento que permita dar cumprimento as estratexias de implantación do Catálogo da Paisaxe:**

Dentro das Estratexias Urbanas Rurais e Industriais, no seu punto b) Fomentar un desenvolvemento urbano (Lalín) integrado coa contorna; destaca a importancia de *“Integrar e por en valor as masas caducifolias (carballeiras e soutos) e integralas nas zonas verdes a potenciar no desenvolvemento dos plans de ordenación urbanística”*.

Cabe resaltar aquí a proximidade deste espazo forestal ao núcleo urbano de Lalín, e polo tanto a súa importancia como lugar para a expansión de actividades e uso con marcada función social e xerador dos denominados servizos ambientais. Dentro deste tipo de servizo ambiental e social que proporcionan os bosque e as árbores a FAO destaca a contribución á conservación da diversidade biolóxica, a captación e almacenamento do carbono para mitigar o cambio climático mundial, a conservación de solos e augas, a xeración de oportunidades de emprego e de actividades recreativas, a mellora dos sistemas de produción agrícola, a mellora das condicións de vida nos núcleos urbanos e rurais, e a protección do patrimonio natural e cultural.

## CONSIDERACIÓN DO DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASÓS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

### 16.1.10.2 Acción de conservación de unidades agroambientais tradicionais en regresión: As Fragas de Catasós coma espazo representativo da tipicidade das estruturas agrarias do rural do interior de Galicia.

A protección da paisaxe rural tradicional permite contar cun xacemento da arqueoloxía da paisaxe coa cal poder estudar e comprender a modificación na organización e transformación do territorio ao longo dun amplo proceso histórico.

A proposta do Monumento Natural debe incidir na conservación desta paisaxe coma representativa de cada momento histórico, das relacións entre os asentamentos de poboación e o medio, dos aspectos culturais propios de cada época, e testemuño dos restos das diferentes maneiras de empregar os recursos do territorio e que se van acumulando na paisaxe: en definitiva ofrecer a posibilidade de preservar unha fonte de información arqueolóxica dunha paisaxe que se remontan aos aproveitamentos castrexos e medievais.




Fig.44. Souto de Casas Vellas, Fraga de Catasós e Área de Interese Paisaxístico Castiñeiros de Quiroga. Liña de vertebración (conectividade) entre os diferentes espazos vertebrados polo Rego de Quiroga.



## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

### **16.1.10.3 A contribución do Rego de Quintela coma elemento de conectividade ecolóxica e paisaxística entre as unidades forestais máis senlleiras do entorno: Fraga de Catasós coa Agra de Antuín, de Gate, Casas Vellas e Penelas e Portocelo:**

O Atlas da Paisaxe do Deza refírese dentro das Estratexias Naturais, Ecolóxicas e Productivas, no seu apartado e), á necesidade de “*Conservar as masas caducifolias autóctonas (bosques de ribeira, carballeiras e soutos)*” e establece:

- Conservar os peches tradicionais (valados de pedra) e recuperar e poñer en valor os camiños e corredoiras existentes.
- Conservar as masas caducifolias autóctonas (bosque de ribeira, carballeiras e soutos).
- Conectar as masas existentes autóctonas na contorna da explotación gandeira ou forestal”.

E no seu apartado f, “Protexes e por en valor o río Asneiro e tributarios” refírese especificamente a importancia que xoga dentro desta unidade paisaxística o rego de Quintela:

*“Fomentar a continuidade do corredor ecolóxico do val do rego de Quintela onde destaca a Fraga de Catasós”*

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

### ESTRATEGIAS NATURAIS, ECOLÓXICAS E PRODUCTIVAS

#### e) Conservar o mosaico agrogandeiro e forestal tradicional.

- Conservar os peches tradicionais (valados de pedra) e recuperar e poñer en valor os camiños e corredoiras existentes en vez de crear uns novos.

- Conservar as masas caducifolias autóctonas (bosques de ribeira, carballeiras e soutos). Conectar as masas vexetais existentes (autóctonas) na contorna da explotación gandeira ou forestal.

- Fomentar as actividades agrogandeiras, especialmente as ecolóxicas, nas zonas de agras, regulando os usos forestais de eucalipto e piñeiro.

#### f) Protexer e pór en valor o río Asneiro e tributarios.

- Acondicionar a canle e as ribeiras do Asneiro para o disfrute da poboación.

- Fomentar a continuidade do corredor ecolóxico do val do rego Quintela onde destaca a Fraga de Catasós.

### ESTRATEGIAS CULTURAIS, PATRIMONIAIS E TURÍSTICAS

#### g) Potenciar a ruta xacobeá e outras rutas de sendeirismo.

- Potenciar rutas de sendeirismo apoiándose na Vía da Prata. Estas rutas poden difundir a riqueza cultural e natural existente na unidade.

#### h) Poñer en valor o Patrimonio Material e inmaterial.

- Rehabilitar e protexer o patrimonio arqueolóxico (Castros e mámoas), arquitectónico (tanto civil como relixioso) e etnográfico.

- Recuperar o patrimonio inmaterial, lendas, contos, tradicións, festas, etc.




Fig.45. Ficha número 15.5 do Atlas da Paisaxe do Deza (Catálogo de Paisaxe de Galicia), onde se destaca o valor paisaxístico do rego de Quintela e das Fragas de Catasós.

## CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

---

### 16.1.10.4 As Fragas de Catasós como un atributo máis para potenciar a paisaxe da Vía da Prata.

Dentro das Estratexias Urbanas Rurais e Industriais, no seu punto g) refírese a” Potenciar a ruta xacobeá e outras rutas de sendeirismo”: potenciar rutas de sendeirismo apoiándose na Vía da Prata. Estas rutas poden difundir a riqueza cultural e natural existente na unidade.



Fig.46. A Vía da Prata, ao seu paso polo lugar da Xesta, transcorre a menos de 1,5 km do Monumento Natural. Recoméndase habilitar un recorrido circular con saída dende este punto da Vía da Prata que conduza ata o Castro de Catasós, o Monumento das Fragas de Catasos.

### **16.1.11 Accións sobre o valor cultural do Monumento Natural das Fragas de Catasós**

A figura da escritora naturalista dona Emilia Pardo Bazán está estreitamente ligada á fraga e souto de Casas Vellas. A escritora foi conxuxe do propietario desta fragas, D. José Quiroga Pérez de Deza (1848-1912).

Xunto ao souto que conforma o monumento natural dos castiñeiros de Quiroga a escritora pasou longas estadias no pazo de Quintela en Catasós. A súa obra teríase visto influenciada polos seus paseos entre as zonas boscosas da propiedade do pazo. A autora é un dos principais referentes da corrente do naturalismo literario español. Cabe recordar que será no propio Pazo de Catasós onde Emilia Pardo Bazán escribiría boa parte do seu libro “*Los Pazos de Ulloa*”, e “*La Madre Naturaleza*”, obras cargadas de numerosas referencias a estes soutos.

**CONSIDERACIÓNS DOCUMENTO PRELIMINAR PLAN DE CONSERVACIÓN DAS FRAGAS  
DE CATASOS. PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO MONUMENTO NATURAL**

---

**FIN DOCUMENTO**